



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2008.**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a Maria Victoria Montenegro Paz. D^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. Francisco García Prego. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D^a Josefina Martínez Martínez D. Fernando Otero Prieto. D^a. María Mercedes Grande Regueiro. D. Manuel Rodríguez Doval. D^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D^a Josefina Martínez Martínez.</p> <p><u>Sr. Secretario.:</u> D.Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dez minutos do día vintecinco de setembro de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede da acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 31 de xullo de 2008.-

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval e manifesta: “simplemente unha matización, que aínda que pareza o mesmo non o é. No punto 3, no antepenúltimo parágrafo dise textualmente: “que conste en Acta que o Alcalde levantou a sesión para que non se interviñera”. Eu pedín que constara en Acta que o Alcalde afirmaba que el suspendera a sesión para que non se interviñera. Parece que a redacción máis lóxica sería: “Que conste en Acta que o Alcalde afirma que levantou a sesión para que non se interviñera”. Porque eu pido que conste en acta unha afirmación que non fago eu, e que fixo o Alcalde.

Que conste en Acta que o Alcalde levantou a sesión para que non se interviniera, non é eso exactamente, eu pido que conste en Acta que o Alcalde afirma que levantou a sesión para que non se falara sobre este punto. É un tema que eu non Quero perder aquí 40 minutos, pero como está redactado está confuso.”



Intervén o Sr. Alcalde, quen di: “nós temos grabado o audio, se quere revisamos isto e tamén o audio do Pleno onde vostede dí que eu suspendín a sesión e vostede solicitou a palabra unha vez levantada a sesión.”

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: “Non estamos falando da Acta do 1 de xullo, senón do 31, que se revise e se corrixa tal cual foi, nada máis iso.”

O Concello Pleno coa seguinte corrección: Inverten o Sr. Alcalde: “Pero é que evidentemente eu levantei a sesión para que non se falara sobre este punto”, acorda por unanimidade prestarlle a súa aprobación a a acta do 31 de xullo de 2008.

Punto núm. 2.- Ratificación, se procede, da Resolución da Alcaldía de data 19 de setembro de 2008 “Festividades Locais”.

Dada Conta da Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 19 de setembro de 2008, do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 19 DE SETEMBRO DE 2008.

Visto o escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia de data 10 de setembro de 2008, no que se interesa a designación de dous días que neste Concello teñen carácter de Festas Locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo.

Esta Alcaldía vista a proposta da Xunta de Voceiros do Concello, reunida no día de hoxe, por medio do presente **RESOLVE:**

1º.- Proponer como Festas Locais para o Concello de Ares para o vindeiro ano 2009 os seguintes días:

25 de Febreiro (Mercares de Cinza).

2 de Xuño (Voto de Chanteiro).

2º.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre para súa ratificación se procede.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a dezanove de setembro de dous mil nove.”

O Concello Pleno por unanimidade acorda ratificar a Resolución anteriormente transcrita.

Punto núm. 3.- Expedientes de Modificación de Créditos núm. 1/08 (Incorporación de Remanentes de Crédito) e 2/08 (Xeración de Créditos por Ingresos).

Dada conta dos Expedientes de Moficación de Créditos núm. 1/08 (Incorporación de Remanentes de Créditos) e 2/08 (Xeración de Créditos por Ingresos), aprobados por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 1 de xaneiro de 2008.



Intervén o voceiro do NAL, Sr Luís Cendán: “Alcalde, si se me permite, eu quería intervir neste tema porque non sei si ven mal redactado o enunciado do punto nº 3, porque non ven como dar conta e eu como ven así, teño serias dúbidas en canto á legalidade do expediente, xa que según se desprende do estudo que fixen por riba, quitando as conclusións que se derivan dos informes do Secretario-Interventor, notei algunhas irregularidades en canto á nivelación dalgunhas partidas e a incorporación de remanentes do exercicio anterior, que non existen as partidas, por tanto non se poden prorrogar e as miñas dúbidas neste sentido son que si non hai partida no exercicio anterior, isto necesitaría un quorum do Pleno para aprobar esa incorporación, eu si quere lle describo onde notei as irregularidades por tanto, hai algunhas facturas tampoco que non precedían co AD reglamentaria e se incorporan ao expediente como no mesmo Informe cito textual do Secretario: A xeración de créditos por ingresos en fase AD nos presupostos, así como os gastos que aínda que habendo suficientemente crédito e non se puideron aprobar no 2007 recomendándose polos servizos de intervención como conveniente súa incorporación, poñéndose de manifesto que como al menos para parte de eles existe suficiente crédito no presuposto aprobado para o 2008 incumplindo por tanto a Base de execución do 2008, nº 6 relativa ás modificacións de crédito do párrafo nº 1, por decirlle unha partida, a de ingresos 761, que pertence ao POS en canto á liquidación do presuposto do 2007 consultado o expediente do presuposto do 2008 aparece no avance de 24-04-07 e desaparece no avance de decembro, e na conta xeral por exemplo non aparece.

Entón, ao meu modo de ver, si estes erros, por chamalos dalgún xeito, son como os estou describindo eu iso no podía vir a un expediente de vir a dar conta e precisaría un quórum como marca a Lei e incluílo no expediente de modificación nº 3 ou facelo por resolución. Por tanto a miña intervención vai nese sentido, que se estudie a proposta e si ten que ir a outro Pleno pois se leva pero incluso hai algunhas cifras que non casan e por exemplo a suma de gastos iniciais 6.514.833,83, aquí hai outro erro en canto á suma de ingresos son 6.514.793,83 entón isto non está nivelado hai erros de transcripción polo menos e igual evidentemente sigue sen nivelarse segundo os informes, nos aumentos dos gastos derivados de modificación de 01 é de 1.089.248,41 e en canto aos ingresos da mesma modificación aparecen 2.045.860,62, por tanto eu estou aquí dicindo algúns dos erros que eu vin por riba.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Este é un documento contable que se fixo en Tesourería e por tanto aquí se da conta ao Pleno, se recollen as súas manifestacións na Acta e se comprueban as súas aportacións.”

Toma a palabra o voceiro do NAL, Sr Luís Cendán: “Eu o digo polo tema da legalidade, se hai partidas que non existen, non se poden incorporar a este presuposto, así isto vai quedar mal.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Comprobamos esas partidas e esas sumas e si hai erros desa natureza pois se toma nota e aquí queda constancia das súas manifestacións e vamos supervisar o traballo de intervención.”

O Concello Pleno dase por enterado.



Punto núm. 4.- Dar conta da firmeza Procedemento Ordinario 1059/2007 (France Telecom España S.A.)

Dada da firmeza do Procemento Ordinario 1059/2007, na que se emite o seguinte **FALLO**:

“**DESESTIMO EL RECURSO** contencioso-administrativo interpuesto por la procuradora doña Carmen Corte Romero, en nombre y representación de la entidad “FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A.”, en relación con la desestimación por silencio del AYUNTAMIENTO DE ARES del recurso de reposición interpuesto por France Telecom España S.A. contra el decreto del Ayuntamiento de Ares de fecha 11 de enero de 2007 por el que se acordó “Primero.- Clausurar como medida cautelar a estación de telefonía AMENA- France Telecom España S.A., sita na finca Cova Bimbeiro, lugar de Loureiros (...) Terceiro. Advertir ó interesado, que caso de incumplimento, procederáse ó precintado do local, asemade como a exerce-la correspondente acción diante dos Tribunais competentes ó abeiro do artigo 556 do Código Penal (...)” **Y DECLARO QUE EL ACTO ADMINISTRATIVO ES CONFORME A DERECHO**, sin imposición de costas.”.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 5.- Dar conta da Sentencia do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol, Procedemento Ordinario 1068/2007 (PROINGA).

Dada conta da Sentencia do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol, Procedemento Ordinario 1068/2007, da que a súa parte dispositiva é a seguinte:

“El anterior escrito de fecha 24 de junio de 2008, presentado por la procuradora doña Ana Seco Lamas, en nombre y representación de “PROINGA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L.” evacuando el traslado conferido por el auto de 29 de mayo de 2008 para oirlo sobre la admisión del recurso, por PRESENTADO, UNASE a los autos de su razón.

Constando de modo inequívoco y manifiesto que **EL RECURSO SE INTERPUSO CONTRA ACTIVIDAD NO SUSCEPTIBLE DE IMPUGNACIÓN DECLARO QUE NO HA LUGAR A LA ADMISIÓN DEL RECURSO**, interpuesto por la procuradora doña Ana Seco Lamas, en nombre y representación de “PROINGA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.” en relación con la “resolución del Ayuntamiento de Ares de fecha 28 de junio de 2007 por l aque se “acorda por unanimidade interesar a Resolución amistosa de dito Contrato” y con el “acorda o resolución por la se ordena el cierre de las oficinas en las mismas (sic) mandantes venían prestando los servicios de atención al ciudadano en materia de información catastral.”

O Concello Pleno por unanimidade dase por enterado.

Punto núm. 6.- Dar conta da Sentencia do Xulgado do Social núm. 2 de Ferrol, demanda 20/2008 (Xavier Sánchez Romero).



Dada conta da Sentencia do Xulgado do Social núm. 2 de Ferrol, demanda 20/2008, interposta por D. Xavier Sánchez Romero, na que se emite o seguinte FALLO:

“Desestimo la demanda de D. JAVIER SANCHEZ ROMERO, contra el CONCELLO DE ARES a quien absuelvo de las pretensiones deducidas en su contra.

Notifiquese esta sentencia a las partes advirtiéndole que contra ella podrán interponer Recurso de suplicación ante el Tribunal Superior de Justicia que deberá ser anunciado por comparecencia o mediante escrito en este Juzgado dentro de los cinco días siguientes a la notificación de la sentencia, o por simple manifestación en el momento en que se practique la notificación.”

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 7.- Aprobación Conta Xeral do Presuposto 2007.

Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio de 2007, e dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión do día 24 de xuño de 2008, foi sometida a información pública mediante Edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 152, de data 3 de xullo de 2007.

Atendido que durante dito prazo de información pública non se formularon reparos ou reclamacións.

Toma a palabra o Voceiro de NAL, Sr D. Luís Cendán: “Dicir que a Conta Xeral é o instrumento que teñen as entidades locais para cumprir a obriga formal de rendir as súas contas e constituía o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada tanto nos aspectos económicos-financieros-patrimonial e presupostario; estamos ante un dos documentos máis importantes en canto a permitir á Corporación no Control das contas públicas.

Teño que dicir que segundo se deriva do Informe do Interventor de 28-02-08 dí que no punto 4.- que se faga constar e cito textualmente a licitación de gastos e ingresos presentase con niveis de segregación de presuposto aprobado das dúas modificacións posteriores, e no expte que este portavoz tivo para a consulta que é o que consta no expte do Pleno, isto según eu estudiei ou estiven mirando tyodos os listados de gastos o nivel de segregación que se referencia no informe do Secretario en canto a influir os grupos de subfunción e sunconcepto como recolle o mesmo informe para facer unha fiscalización e estudo máis pormenorizado en canto ao gasto pois non se pudo facer porque non ven descifrado, por tanto eso é algo que quero que conste na Acta e o máis importante ao que me vou referir máis que estas cuestións de eido legal de si conteñen ou non conteñen ou foron presentadas como dí a Lei, pero por mencionar algo nesta intervención dicir que a Lei contempla que a Conta Xeral ten que ir a informe e estudo da Comisión Xeral de Contas antes de 1 de xullo, non foi pero bueno, este é un dato máis, sen a maior importancia e eu non lla vou dar



O importante é que salvados estes dous temas que acabo de mencionar dicir que para nada estou de acordo en cómo se xestionou o gasto da Conta Xeral 2007, xa o manifestei no seu día na Comisión Informativa e o meu voto vai ser negativo á aprobación desta Conta Xeral, aínda que se ben estivo a exposición pública e non se lle fixo reparo, o entendín así convinte no seu intre e o meu voto vai ser negativo a esta aprobación.”

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: “Bueno, unha reflexión previa que supón que será a que a todos/as e á xente lle interesa que é saber cal é o estado da economía municipal, o estado da empresa que digamos que nos mantén os servizos e nos leva a vida cotiá do Concello. A verdade é que nós agradábase que logo de 15 meses de que se constituíra a nova corporación tivéssemos arroxado luz sobre un tema que xerara moita controversia e datos contradictorios que levamos vendo neste tempo e efectivamente ver se a economía quedara saneada ou ver a situación e cómo se xestionaba.

É certo que estamos falando da Conta Xeral do ano 2007 na cal hai unha parte que hai que imputarlle á anterior corporación e outra parte ao actual grupo de goberno; aquí ven todo unido sen distincións e arroxa cuestións de carácter procedimental, nas que non vamos entrar e non debíamos que dende o punto de vista metodolóxico, eses trámites se cumpriron en condicións e outra cousa diferente é a lectura que vemos aquí. Os números sempre son interpretábeis, e contradictorios cada un os ve dun xeito e a intervención que eu fago corresponde a unha lectura feita dende o BNG, unha lectura que é a nosa e é dada a moitos matices.

É certo que a Conta Xeral reflicte números e balances e partimos da base, nós non sumamos todo, de que na medida dos servizos deste Concello hai unha mecánica para facelo e esdso estará feito, pero non se aclara a situación real que é a que nós nos interesa a ó resto da cidadanía e ver a situación neste momento, e tamén da lectura do ano anterior xa que xa podemos facer de máis cousas qyue tocará cando fagamos a Conta Xeral 2008.

Os datos do que nós vimos aquí arrojan unha situación contradictoria; por unha banda a existencia dun remanente de tesourería e de feito o punto que vamos abordar logo é sobre isto, e xa sabemos cómo se chega a estes remanentes que son por procesos que veñen de non consumir todas as partidas e deixar para o ano un fondo do que botar mán. É legal pero se utiliza así. Existe remanente pero hai un dato fundamental que introduce moitas dúbidas e evidencia que se presupostou e gatou mal. Temos un exceso de financiación efectada nos anos 2006 e 2007 que suman 1.500.000 iso é indicativo e non se presupostou ben nin gatou be. Non é unha cantidade irrisoria. Quizáis é máis discutible a cantidade que figura a respecto dos cobros dubidosos e son 360.000 €, pero que nesa porcentaxe non é dende logo nin ten nada que ver coa outra cifra que sí nos preocupa e que hai unha mala xestión presupostaria e política. Este diñeiro aparece por exceso de financiación en cousas que non previstas foron aparacendo, e no ano 2007 sería en todo caso discutible. En calquera caso e xa centrando a nosa posición, nós vamos votar negativamente á conta xeral e fundamentalmente por este dato que apuntei agora, non hai nada que dicir sobre o tema dos trámites seguidos e é evidente que non presentamos alegacións, porque se teñen que



sustentar en incumprimento da legalidade e posiblemente, digo posiblemente, non teñamos nada que poñer en cuestión, pero anivel político sí, xa que os datos de remanente de tesourería que arroxamos, evidencian que non houbo unha política correcta na elaboración do orzamento 2007 nin na xestión durante o ano 2007 por parte de dous equipos de goberno, un ata mediados do 2007 e outro con posterioridade, e neses sentido ratifico que a nosa posición vai ser negativa, gracias .

Ten a palabra o voceiro do Partido Popular, D. Jose Manuel Cendán: “Bos días, vamos comezar asumindo a responsabilidade que temos, como dixo o anterior portavoz, durante o 1º semestre do 2007, dicir que o balance positivo e a capacidade e cunha capacidade de aforro neto positivo no Concello e un saldo nas contas de 2’5 millones de euros, ven dicir que o que se fixo dende o 1999 foi unha política de austeridade e de control no gasto que se veu desenvolvendo e así veu a evolución económica, social e política do Concello de Ares, e creo que o ano 2007, non sei o 2008, pero xa o 1º semestre do 2007 arroxa datos positivos, está nos informes da conta xeral e consta que así o dín os directores dos bancos e hai 2 177.000 € e a xestión foi positiva e o gasto nós temos dúbidas no último semestre sobre os gastos e o interventor estaba de vacacións e non nos puido aclarar e se seguimos facendoo ben aínda que caigamos nun ciclo de recesión, aínda así se controlamos o gasto e partidas que se nos van, vamos ir ben.

Temos que tratar os Concellos de acadar financiación e que ante calquera urxencia dunha obra ou temporal que ocorra e poder botar man a un crédito é bó, e temos que seguir así e aínda que temos dúbidas por non poder consultalas coa Tesorera que está de vacacións nos vamos abster pero os datos da Conta Xeral son positivos e temos que estar contentos todos.

Sometida a votación o Concello Pleno por 5 votos a favor (5 PSOE) 3 en contra (2 BNG e 1 NAL) e 4 abstencións (4 P.P.), acorda aprobar a Conta Xeral do ano 2007.

Punto núm. 8.- Expediente de Modificación de Créditos núm. 03/08.

Intervén o Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo: “na documentación correspondente ao Pleno estaba a disposición de tódolos grupos a proposta da Alcaldía, debido efectivamente á urxencia de enfrentarnos a unha serie de gastos pois se fixo unha proposta con suplementos de crédito con cargo aso gastos xerais e son temas que efectivamente se hai algunha dúbida con respecto a algunha partida, poise na medida en que lóxicamente sexa demandado pois podemos profundizar nalgún punto.

Os conceptos van dende aluguer de maquinaria, tractor, dumper para o que son os traballos nas praias e ámbito rural, o mantemento de parques infantís e a supervisión mensual para cubrirmos ante calquera incidencia nos mesmos, vestiario para Protección Civil, taxas da Deputación, gastos a invertir en Santa Catalina, xa que asumimos o mantemento dos xardíns e en consecuencia hai que aboar estas partidas xa que había un deterioro que non podíamos permitir, para actividades culturais, que estaba sen abonar a cena dos maiores do ano pasado e hai que facer a deste ano, actividades deportivas, o plan de tráfico, compra de sinais e elementos , acumulación



de traballos urgentes, a colocación de puntos de alumeado público en rúa María e Real, diferentes partidas pequenas de mobiliario, reparacións en equipos informáticos, centralita telefónica, etc. Está o do tema da resposta á situación que temos no planeamento, temos que enfrentarnos dado que o Plan de Urbanismo ten una tramitación de 3 ou 4 anos, temos que facer uha modificación puntual das NNSS e logo esdtá a aportaciúon municipal á pavimentación e dotación dos servizos do núcleo de Redes e aquel asfaltado que estaba condicionado a unha actuación, pois esta é a actuación e en consecuencia temos que afrontar este compromiso municipal e o tema do soterramento de contenedores por parte de Industria nos pagan unha parte e hai que pagar outra, a piscina con Mugar dos, a ampliación de obra que se fixo no porto, rúa San Andrés e Estacas que executou FERORSA que está pendente de correxir uns problemas que suxeriu o voceiro de NAL, que son certos, pero á empresa hai que pagarlle esa ampliación, o ascensor do concello vello, ao que se vai desplazar o centro de Saúde cando comezen as obras, a Lei Orgánica de Protección de Datos nos obriga a superviar os nosos ficheiros e precisamos unha asistencia para poñelos en orde, a compra da Escola de Nenas a Deputación puxo 18.000 de ptas nós poñemos 12 millóns para unha casa da Xuventude, e hai que afrontalo, a aceptación dunha subvención para a aportación municipal para aceptación de subvención para compra dun camión con grúa e volquete, só temos unha furgoneta pequena e ten que desprazar aos homes que van un día á semana a limpar Cervás e Chanteiro e hai que levar material de obra e a furgoneta é pequena e este camión pode desprazar 8 homes e se suben sacos de cemento e o que a actual furgoneta non pode, e temos que estar de contínuo alugando camiós coas empresas e isto é unha sangría que aproveitando unha subvención, podemos adquirilo.

A aportación municipal á instalación de luz en Prados Vellos, temos solicitado á deputación unha subvención polo total e si no la concede esto non se vai gastar pero se non, vai facer falla, é unha previsión e por último a aportación municipal para a compra dun todoterreo para a policía Local, que da pena, e temos hoxe a resolución da concesión deste vehículo e no la adiantaron por fax a pasada semana e xa a temos aquí onde nos conceden o vehículo, son 9000 € e está valorado en máis de 40.000 €. É unha ocasión de renovar un vehículo en situación lamentable, neste consiste este expte e en consecuencia se ten que facer porque hai unha situación onde isto non se contemplaba no presuposto cando se fixo isto, e daquela non sabíamos que nos ían dar 30 millóns para Redes, nin o coche para a policía, sabíamos o do campo de fútbol, e falamos aquí de que nos tirábamnos á piscina e o íamos facer sen saber se habería cratos ou non; tampouco se sabía dos 18 millóns da deputación para adquirir a casa de nenos e como non se sabía isto, vimos a este Pleno para poder dar cobertura estas melloras para o pobo de Ares e gracias a Dios se foron conseguindo. Iniciamos o debate.”

Ten a palabra o voceiro do NAL, Sr Luís Cendán: “Eu vou comezar a miña intervención dicindo que hai outro erro na certificación do remanente líquido de tesourería, na interpretación do Secretario Interventor que pon que no remanente utilizado no expte 1/08 son 132626,20, ese dato non é correcto porque son 1.089.241 €



Na certificación do remanente líquido que se fai por parte do Secretario Interventor, se pon que o remanente usado no expte nº 1/08 son de 132, e isto é 1089248,41. A parte de poñer na certificación a data ven mal. Dí “Certifico que o remanente líquido de Tesorería destinado como consecuencia da liquidación do presuposto desta incorporación para o 2008, e eé do 2007, pero vamos entrar en materia salvando estes erros e ademáis aquí segundo podemos desprender desta certificación esto da a equívocos, xa que de aquí nos sae un remanente líquido de tesorería que non é así, xa que logo de facer estas modificacións, quedarían sobre 136.000 €de remanente a día de hoxe e non un millón. Eu vou ao tema do remanente de tesourería que é un mecanismo que permite a lei no caso de esgotar o presuposto e así serrar un crédito para afrontar unha serie de gastos e se é certo que o remanente líquido é perto de 2 millóns de euros eso foi produto dun exercicio prorrogado e o tema de inversións como todos sabedes non se puideron executar e as contas non é que se deixaran de gastar algunhas partidas senón que ao non haber inversión nese exercicio nos atopamos cun remente líquido de tesourería destas dimensións, que casi son 2 millóns de euros.

Se temos en conta que na 1ª modificación de crédito que fixo o Alcalde por Resolución por importe de 1089000 €esta, a nº 3, ascende con estas incorporacións de última hora na Comisión Informativa a 733.557 co cal a diferenza se o restamos a 1900 quedan 136.000 €de remanente logo de feitas estas modificacións de crédito. Eu vou ir ao tema do gasto xa que xa veño facendo fincapé durante moitos anos durante a miña actividade política aquí, que era tratar de controlar o gasto público, as veces non fun capaz porque as circunstancias son como son e debido aos asuntos como se vanm afrontando e un non pode levar o rigor presupostario que debera levar.

Eu fixen fincapé na intervención do presuposto en contener o gasto, priorizar, que había partidas abultadas, estamos en setembro e estamos falando se exceptuando as partidas que non vamos ingresar nada en capítulos como o ICO ou créditos para gastos correntes, practicamente estamos falando doutro presuposto, dun anexo do que aprobamos no seu día. Quero facer fincapé na prioridade do gasto. Aquí veñen compromisos que algúns xa se fixeron, e nesto

Quero basar a miña intervención, xa que nestes asuntos que nos explicou o Alcalde, este voceiro acude practicamente a todas as comisións e Plenos e moitos deste temas non foron nin abordados; outros se executaron a contratación aínda que son contratos menores, pero o certo é que no plan de inversións do Presuposto, carecían de partida, se quere os enumeros, e se fixo a contratación igual, e aínda que sendo cntratos menores, o Alcalde pode e ten facultad para facer estes cntratos, pero a Lei esixe a parte da factura a disponibilidad presupostaria e neste caso non existe, por tanto se non hai partida presupostaria, AD, estamos falando de feitos consumados, que ás veces se teñen que dar e eu quero facer fincapé en que hai que controlar este tipo de cousas na medida do posible e tratar de evitalas.

Eu por decilo dalgún xeito, o meu enfado é que se vimos ás comisións non custa traballo falar nas comisións destes problemas que saen sen consignación, e como xa o dicen cando vostede decidíu en forma acertada co tema das torretas do campo de fútbol



eu lle din a miña aprobación, e son cousas que son de máxima urgencia polo motivo que unha vez que se tiveran que ubicar estragarían a inversión feita neses momentos. Eu lle vou decir a retención do gasto. Eu en canto á prioridade de cómo se debe gastar e xestionar o diñeiro público é o que vou facer maior fincapé, si no Presuposto do 2008 se aprobou con respecto ao do 2006, o último aprobado, en concepto de persoal, falando en ptas, se presupostaron 100.000.000 de ptas máis que no exercicio 2006, eu creo que Ares na atención dos servizos que está prestando non esperimentou ningunha modificación tan importante para en canto ao servizo ao cidadán para experimentar neste concepto este incremento.

A maiores no expte que estamos debatindo tanto na contratación de persoal, no concepto horas extraordinarias, incentivos, esta cantidade ascende a 63.000 € en ptas 10.000.000, fíxese vtde a ónde vamos a parar. En canto á política non creo en externalizar os servizos, pero sí tratar de rentabilizar os servizos co persoal e medios que temos, ás veces non é posible e hai que apostar pola ampliación dalgúns servizos que nos veñen interpostos por outras administración coa conseguinte subvención ao respecto pero eso tampouco nos pode levar, porque as subvencións e eu sempre o dicen, hai patatas quentes, hai algunhas que vostede mencionou que case van ao 50%, eso Alcalde llo digo dende a experiencia, que se consiguen subvencións e sen contar coa prioridade e aquí ven o coche da Policía Local e outras e eso trae consigo unha aportación municipal neste caso de 10.000 € con seguro e gastos de matriculación e demáis e as subvencións son envenenadas por non poñer outras que van case ao 50%.

Eu cando tiña responsabilidade neste tipo de asunto rexeitamos algunhas das subvencións, como a moto da Policía Local e outras, porque carecíamos de disponibilidad presupostaria para poñer en funcionamento ese servizo ou chámese no intre, xa que agora parece que vai vir a Galescola, a Gardería Infantil ao Concello de Ares lla daban pero feitos os números tivemos que retroceder porque o que esixía a administración non se podía pagar e era esaxerado para a economía municipal.

Por poñer outro exemplo no tema da piscina municipal nós tamén podíamos solicitar como fixeron outros concellos e afrontar cos fondos do Concello e se mancomunou con Mugaros, polos custos de mantemento.

Creo que o límite dos recursos municipais nos debe de delimitar a todos un pouco, hai que utilizar porque como bven se dixo por algún voceiro, estamos nunha época de recesión económica ou crisis, e creo que na liquidación do exercicio que estamos en curso, os datos ogallá me engane, van ser bastante negativos e entón creo Alcalde que se nos metemos a inversións como as que pretende este expediente, onde van gastos de mantemento importantes eso vostede sabe que nos va obrigar, e isto non é só facer inversións a adquisición duninmable como pode ser o que vostede mencionou antes, senón que logo a construción e o mantemento e o que leva incluso ese tipo de edificacións, e haberá que dotarlo de material humano e didáctico para botalo a andar.

Debemos reflexionar no gasto, todos, facer todo o posible por que non nos vexamos a estas alturas do exercicio con estas modificacións de crédito, que hai que facela e o contempla a lei, pero no mes de setembro chegar a unha modificación de 300.000.000 das antigas pesetas. E remato a miña intervención.”



Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: “Ao fío dese xogo de cifras ao que se referiu o voceiro que me precedeu sería bon que se nos contestase ou matizase se é así, e nós tamén detectamos ese dato que non é menor e colocaría a este Concello a 26/09/2008 con 136.000 € de remanente de Tesourería e se houbera que atender unha prioridade sobrevenida pois non podería ser.

Deixando ao marxe este punto que supoñemos que se aclarará, esto sería agravar o escenario con este datos que se apuntaron aquí. Xa nos vamos entendendo algo nas cousas concretas dos grandes balances da Conta Xeral, e cando discutimos cada cousa vemos se a política a nivel de investimentos é correcta ou non.

Para nós a apelación a un expediente de modificación de créditos é un instrumento legal e se xustifica cando esa relación que se fai nos orzamentos ós créditos ou á que vamos facer aquí ao remanente de tesourería que é un crédito que temos ahí, xustificando por necesidade, estamos ante un procedemento normal pero é certo que vendo os puntos que temos aquí e analizandoos se abren interrogantes de se o estamos facendo cunha filosofía a de fixarnos no prioritario e básico e entendendo que temos un cilo que para este ano quedan neste intre 3 meses, e lle quedarían 2 anos e pico de vixencia a esta corporación e hai que pensar no futuro e no presente económico que estamos, a non ser que pensemos que o importante é facer cousas.

Nese punto de vista dende o BNG facemos reflexións e discrepancias coa forma de facer o expediente e o propio contido do mesmo. En canto á forma o expediente parte de algo ao que xa se fixo referencia aquí e é un problema desta Corporación que é que o equipo de goberno, que xa se deu conta da súa situación numérica nesta Corporación e na medida que ten que sacar adiante asuntos, terá que favorecer climas de entendemento co conxunto da Corporación e cando non se poda, coa parte que se poida, para garantir que as cousas teñan un aval, e o aval comeza por explicar o que se quere facer cando se teñen ideas, proxectos e compromisos e transmitir ó resto da Corporación a información necesaria para que non nos enteremos simplemente de que temos que poñer cartos para unha cousa que descoñecemos qué cousa é, e farei alusión a máis puntos que nos dín bueno a mín déronme estes cartos para esta cousa e temos que poñer unha parteo.

Aquí quen marcou a prioridade para estas cousas e quen ten a información ou o proxecto a facer. Unha chamada de atención a que se leven ao máximo os mecanismos de información, de contacto e de debate na Corporación que son as premisas básicas para que saibamos todos o que estamos falando aquí.

Cousa diferente sería que faláramos dun grupo de goberno que tivera maioría, que debería facelo igual, pero que non tivera que vir a este Pleno sen saber exactamente cales son os apoios políticos que ten para sacar os temas a diante. Estamos diante actuación de responsables teñen bastante pouco. Detectamos dentro de expte de modificación de créditos, dentro da proposta da Alcaldía tres liñas básicas: as modificacións para proxectos que están clarificados, debatidos ou coñecidos pola corporación e dende o punto de vista da información que temos, se pode discrepar, pero son coñecido e hai esa información previa e podemos cada un de nós, facer unha valoración de si é obxecto de incluír nun expte de modificación ou estar nun ámbito secundario. Despois os atribuídos a obras que descoñecemos, porque non foron obxecto de debate nin de información no seo da Corporación pero sin embargo se nos pide que levantemos a man e poñamos cartos, tremenda contradicción.



E outros que detectamos no expediente cos que discrepamos profundamente porque entendemos para qué son e discrepamos de que sexan prioridades e que abordar agora. No 1º bloque de actuación daqueles proxectos cos que coincidimos hai unha retaña que non vamos cuestionar porque proceden xa se fixo mención, o da pavimentación de Redes, a aportación ás obras da mellora na rúa Real, os contenedores, a piscina municipal, o tema do proxecto de implantación da Lei de Protección de Datos, a aportación municipal para o camión da deputación, a instalación de alumeados públicos en Prados Vellos, que nós o pedimos e en fin que estarían toda unha serie de actuación que corresponden a cousas de todos os días que segundo o punto de vista económico non teñen impacto grande e logo temos outros que temos dúbidas de en qué consisten eses proxectos, da forma en que se negociou, e como se chegou á proposta de que pola nosa parte hai que poñer cartos para que eso se verifique. Descoñecemos a aplicación da acometida ao saneamento da rúa San Andrés, Estacas, son 20.000 € non é unha obra menor, e gustaríamos saber, aínda que se comentou algo en Comisión, e se falou tamén da obra que fixo a mesma empresa, matriz, na praza da Igrexa e desta actuación temos información dende a xunta de voceiros porque saíu ó fío, e esa contratación tivo que ter un trámite e se podía tramitar dicindo aos grupos nas comisións e se saiba da vontade dos demais grupos para facer estas obras ou non.

O tema do ascensor do antigo Concello temos un interrogante, xa que polos datos que temos esa obra figura certificada na Deputación para cobrar unha subvención que era de 40 e pico mil euros ou 60.000, e se figura certificada non sabemos o que hai que facer porque non se nos informou nada. O punto nº 8 do apartado B) Aportación municipal subvención (corrixan este erro que pon adquisición do inmovible sito en Avda Saavedra Meneses) que entendo que sería comprar o concello novo e hai que facer esa corrección e en todo caso podemos discutir e avanzo que podemos estar de acordo en que ese sería o lugar ideal para unha casa de Xunventude e hai algún grupo que o levo una campaña electoral, pero é evidente que esta Corporación merece ser informada de todo o proceso de negociación, dos resultados e valorar se vamos ter capacidade para manter todo o que estamos facendo e con eso non lle estou dicindo que non haxa que mercala pero en paralelo hai que darlle unha volta para ver a nosa capacidade cando teñamos o ano que ven, Galescola, centro de día, casa da mocidade, piscina, etc e cando non teñamos a principal fonte de financiamento (as obras) que xa non é o que era.

Ese debate para nós fallou; esterémonos pola prensa de que se ía pechar a negociación cos propietarios a merca dese inmovible. Non é de recibo que un investimento tan importante se levara de xeito unipersonal e decirnos aquí que poñamos 72.000 € para facelo, cóntese con nós para non te restes problemas. O tema da mellora do parque infantil das mirandas non sei, temos dúbidas. Estes temas estarían nun segundo bloque e non coñecemos a súa tramitación.

E unha terceira lista son os elementos de discrepancia, na xestión municipal, do que coñecemos temos posicións encontradas ao respecto de que se fagan as cousas deste xeito. Creo que 90.000 € na partida de actividades culturais non se xustifica dicindo que se lle vai pagar a cea que fixo o Partido Popular, antes de irse o ano pasado, a non ser que costara 90.000 € “

Intervén o Alcalde-Presidente: “Tamén é a deste ano”.



Novamente toma a a palabra o voceiro do BNG, Sr Rodríguez Doval: "Como a nosa posición ao respecto deste tema é clara a nós non nos vincula nin á que se organizou o ano pasado nin á deste ano, e cando aprobamos os ornamentos, cando vostedes (PP e PSOE) aprobaron os presupostos ven se podían acordar de que tiñan sen aboar a do ano pasado e a deste ano. 90000 € non se xestionaban cando eu era Concelleiro de Cultura en todo o ano, e creo que se facían cousas sen asesores e se facían.

No tema de actividades deportivas sigo sen saber (son 15000 €) a qué corresponde.

O tema do Plan de Tráfico, chove sobre mollado, e xa nos dixo o Alcalde que non era un Plan de Tráfico senón medidas concretas, entón mellor que se mercan de pintura ou asfalto e non lle chame Plan de Tráfico. E seguimos pedindo como nas comisiions que nós queremos que se elabore un Plan de Tráfico con debate e consenso cos grupos.

Contratación de persoal por acumulación de traballos urxentes: 67.785 € que da para dous postos de traballo durante todo o ano bastante ben retribuídos, me da a impresión e ao noso grupo político descoñece os mecanismos en función de que houbo que botar man desto; e xa sabemos o que se nos vai dicir, que as brigadas tal, chegaron tarde, pero o que fai falla é organización, xa que se o Concello sabe que a comunicación da Deputación para as brigadas das praias non ven ata xuño ou xullo ten que facer unha previsión nos orzamentos para estes temas e ter cuberto o 1º mes por propia iniciativa e aquí o que se nos dí de contratación de traballos urxentes 67785 € son dous postos de traballo amortizados durante un ano e eso é así clarísimo e non pode ser.

Outro aparatado no que estamos en absoluto desacordo é o tema da modificación das NNSS do Planeamento. Na última reunión que tivo a Comisión de urbanismo en xullo, dixemos o que pensábamnos e dixemos unha proposta que a nosa posición era clara e contundente, traballar na elaboración dun PXOM, é a única liña na cal nós nos integramos nesa Comisión de seguimento e estamos a traballar; claro o Sr Alcalde na xunta de voceiros xa nos informou que esá contratado un equipo que vai facer (retiro o que dicen) vaise contratar un equipo que vai facelo, ben en todo caso Alcalde, a nosa disposición e a nosa posición é que nós non vamos a traballar para modificar unhas normas do ano 1979, porque entón eu creo que a impresión perante a cidadanía e o que nos queda aquí do traballo feito en 15 anos polas diversas corporacións, parece que lle botamos terra por riba ao PXOM.

Hai que traballar nun PXOM xa que se vamos pola vía da modificación puntual das nrmnas vamos ter un plan elaborado suma de diversas modificación e non estamos pola laboura. A función dun plan novo nin da modificación das normas, sexa solventar os problemas urbanísticos que nos quedaron. Outra cousa como fixo a anterior corporación, que intente nese global, meter os casos que hai que resolver, pero usar un proceso que se chama modificación puntual das normas para resolver a papeleta que nos deixou a anterior Corporación é unha batalla na que non vamos tomar parte, xa o deixamos claro. O BNG vai traballar e propuxemos unha reunión este mes, que non se fixo, da comisión de seguimento, para comezar a traballar nesa liña. Claro vostedes



falan de meter 48575 € que é case a metade do que nos da a Xunta (90 ou 95000 €) para facer o Plan de Urbanismo, esto é un despropósito, por qué estar con dous instrumentos ao tempo. A mín non me vale a teoría de que 95000 € no los da a Xunta, e iso son cartos das arcas públicas o algo das contribucións dos aresanos. O que non podemos e gastar 95000 € para facer un Plan e 48000 na modificación das NNSS que atoparnos logo cun plan resultado da modificación das NNSS.

Nós ahí hai estes tres apartados que aludín: actividades culturais e deportivas, o tema de contratacións por acumulación de traballos de 67000 € e o tema desa aportación para a modificación das NNSS que estamos totalmente en contra. Estaríamos dispostos a aprobar un expediente de modificación de créditos se se retiran estes apartados, estamos abertos ao debate e sobre todo un ha chamada ao segundo aparatdo que me referín.

Introducir un pouco de humildade na xestión municipal e que se está gobernado en minoría e tratar de chegar a acordos e non pensar que o Pleno da Corporación non é unha caixa rexistradora e tamén pensamos e esiximos o dereito a expresar a nosa opinión e que sexa valorada e o dereito a colaborar no que podamos. Nese sentido adianto que non vamos aprobar o expediente tal e como ven e se se retiran estes apartados que dicen estamos dispostos a reconsideralo.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Aproveitando que o debate é importante, se me permiten vou contestar a cada grupo logo da intervención porque logo como son moitos puntos e o PP intervén me vou facer un lío e entón logo ten a palabra o voceiro do PP, e logo da súa intervención lle contestarei.

Efectivamente neste expediente xa digo que se traen numerosos temas que foron froito de xestións propias deste ano. O pasado ano non íamos ou non podíamos coñecer nin publicadas determinadas convocatorias e non sabíamos se nos concederían algunhas axudas. Prácticamente todo o que hai aquí é coñecido, todo o mundo sabe se asfaltaron tres rúas en Redes, porque Patrimonio o autorizou e o fixo porque nun ano había que meterse nun proxecto bueno. Fixemos iso. Conseguimos 200.000 € 30.000.000, ptas de Europa e nós poñemos 1/3, senón non cumprimos a obriga asumida ante Patrimonio que era executar unha obra mello raio asfaltado nun ano. A aportación municipal para iluminación en R/Real e María, o soterramento de contenedores, a piscina compartida con Mugardos, a ampliación da obra do Porto (esta actuación é do Goberno anterior), efectivamente o Goberno anterior contratou esta obra e como sucede coas obras que o proxecto non cubre todas as problemáticas que logo surxen e houbo que ampliar 20.00 € e así o encargou o goberno anterior e agora este home dí “quero cobrar” e dende aquí, se dí primeiro arranxa que estás en garantía e hai conexións que están mal e hai que resolver o problema nese intre, e senón habería que abrir logo a rúa. O do ascensor foi unha subvención do goberno anterior e precisamos 12000 € máis porque só contempla unha actuación no chan para evitar resvalar porque é terraza en torno ao ascensor, nos quedaban 12 m2 con chan antideslizante e nono estaba contemplado o resto de chan e as subidas nas escaleiras e como vai ser un Centro de Saúde, e decidimos poñer o mesmo chan que no ascensor.



Na subvención da Deputación é público e notorio que sempre se quixo mercar a escola de nenas por parte dalgúns grupos, é un edificio moi representativo cun patín e o seu mellor destino era o interés público. Hai unha vontade de facer unha casa da mocidade que o Concello dalgunha maneira non vai asumir. Tivemos unha entrevista co Director Xeral de Xuventude, e dixo eu executo sobre chan municipal pero non se merca chan. O mesmo que coa galescola ou centro de día, se pon a disposición e eles constrúan. Non a vai pagar o Concello e se non da igual, ahí queda e xa haberá un Alcalde que poda facelo e que aquí o que se trae só e mercar as escolas e se non se pode facer nada queda ahí, e outro Alcalde con máis posibles dentro dalgúns anos poderá executar algo ahí, porque esta corporación omercou antes de que se perda e merque outro promotor e poda formar parte do patrimonio municipal. E se non se consegue unha casa da xuventude feita pola Xunta pois queda para que se dispoña del máis adiante. O tema do parque infantil das mirandas, temos un único parque infantil en Ares (parque Rosalía) fíxose outro en Cervás, falta cubrir redes, Chanteiro e O Porto. Este parque era un cagadero de cans con todos os respetos, a terra roxiza manchaba os nenos non se podían meter, e xa por tema hixiénico non se podía ter así esa instalación. Efectivamente por unha razón básica e numerosas nais se desplazaban e demandaban o arranxo e se dixo se fai unha actuación e listo, porque o pediron familias con nenos do Porto, porque alí só facían deposicións os cans.

Eso é o que se tenta corrixir; eso non significa que os cans non poden ir a ningún sitio senón que agora teñen habilitada unha praia fronte ao clube de remo con bolsas para as deposicións e onde se poden soltar os cans. En canto ao tema do coche da Policía Local, pois só hai que subirse ao memso para darse conta de cómo está., ¿cántos anos ten, Manuel? ¿do 1999?, é un coche que está nunha situación complicada.

O tema das actividades culturais, pois efectivamente está claro que hai que asumir lóxicamente unhas facturas que están pendentes porque no seu intre non tiñan consignación e hai que afrontar este ano. É certo que se fixeron cousas en cultura, se fixo unha festa fin de verán, se axudou ás comisións, e había unha previsión dende sempre que ven de antigo que non é correcta. Había a tradición de presupostar cultura e deportes con 30000 € e como sempre era así, no presuposto do pasado ano foi así, asumo o erro, e non me din conta que cultura e deporte na nosa proxección de goberno precisa máis, pode comprobalo vostede no presuposto, nos equivocamos, porque queremos facer máis cousas.

Efectivamente temos a partida de cultura e deportes é escasísima porque pensábamos cegaba pero cerca de 20 e pico mil euros pendentes do ano pasado a vontade de facer outra este ano, e cae de caixón que esa previsión é errónea. Sabemos cómo se fai o presuposto, se traballa a partir do borrador de intervención e se nos pasou.

Estamos metidos nunha dinámica colaborativa co Numancia e Clube de Remo e estamos colaborando, un bus, etc. É se clasificaron para uns campeonatos finais; eu non sabía que se ían clasificar e entón hai que pagarlles o bus. Agora van os nenos noruegos e de Ares a ver o Bran o 2, outro bus que hai que pagar, e non houbo tento desfase en deportes, gastouse máis en cultura pero posiblemente se merque unha traíña



nova, estos 15000 € están previendo esas situacións, os buses e posiblemente a traíña de segunda man porque Ares está competindo ben e vai de 6º na liga de traíñas e está tendo bos resultados.

O Plan de Tráfico, se chama así a un conxunto de decisións que se acumulan, e poñer sinais e bandas, teño o seu custo e hai que pagalas.

A contratación de persoal por acumulación de traballos urxentes, en decembro do 2007 ninguén sabía que o Plan de Coperación da Consellería de Traballo nos ía brindar 19 postos de traballo. O pasado ano nos deron 2 (Asistentas Sociais) este ano foron Asistentas Sociais, traballadores das rúas, 19 persoas; na vida contamos e houbo que facer eses contratos e lóxicamente nos rompeu a previsión. Para a Policía Local se contrataron 6, outras cousas non se executaron, viñeran 2 auxiliares de biblioteca que o adicamos a outras cousas; na plan integral 6 persoas, máis 3 que veñen agora, as praias da Deputación igual, 10 persoas, 1 orientador, educador, Psicólogo aproveitamos toda as subvencións que veñen pero os primeiros meses hai que adiantalos. Só 19 persoas viñeron de traballo cando aquí só viñan 2, eso nos desviou e houbo que contratar 17 persoas máis do esperado.

En canto á modificación das NNSS, creo que non podemos agradar a que efectivamente se aprobe un PXOM sabemos que son 4 ou 5 anos. Só hai que ver o ritmo da tramitación dos PXOM que hai nos Concellos de Galicia; en Ares hai problemas e do goberno municipal todos esperan solucións.

Hai cousas que non se poden solucionar e cousas que sí e por qué non o imos facer. É máis as vamos solucionar e como decisión política que é soluciónalas asumo o custo político que implica e sei que as miñas decisións gustan ou non e o asumo, e temos auténticos petardos que poden explotar en calquera intre e xa explotou aquí o de PAFERSAN e non estou disposto a que exploten máis, e que determinados temas se xudicialicen e nos metamos en responsabilidade patrimonial civil como Cabanas, que non pode derrubar porque non pode indemnizar. Se acabou. Se hai un instrumento que se chama NNSS co que se arranxan problemas, me importa pouco quen os causou, como Alcalde son o responsable e me toca a mín resolvelo e non vou deixar que apodrezan porque todo é cuestionable pero a xeración de riqueza nunca é cuestionable.

Temos problemas que resolver de inmediato dende a legalidade e a transparencia e ninguén se reúne por detrás e asinan resolucións e vostede se entera ao día seguinte que esto está arrancado. Se vai a unha modificación das NNSS e se non está de acordo non a vota e punto. ¿Quén arreglou ese problema? Os que votan a favor. E se hai un custe político o asumimos para non enquistar temas nos que todos temos que perder, e deixar un esqueleto dun edificio 20 anos non beneficia a ninguén. Precisamos unhas NNSS porque hai problemas que non se poden arranxar, e hai un custe político que se alguen non o quere asumir pois nada, non o asume e listo, vota non e non pasa nada. Se vostede non está de acordo coa modificación das NNSS vote en contra pero denos a oportunidade de facelo a quenes queremos facelo. Vote en contra pero deme a oportunidade de tentar arranxalo, logo haberá unha diferenza eu asumo un custe político e vostede outro.



Ten a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: "creo que a modificación de crédito se utiliza como instrumento para solucionar desfases nos presupostos, que con rigor e priorizando estas obras, creo que se pode facer a hai algunhas cousas que quedaron claras que co presuposto estaban mermadas. Creo que nalgunhas partidas hai que controlar máis o gasto e non son partidario do tema do camiión, pois cando se quere mercar unha maquinaria hai que ver cómo se vai utilizar.

Non podemos comprar maquinaria por comprar, e logo non usala. Nós creemos que o parque de maquinaria está completo, e que mellor era mercar unha pala (derrubes, praias) un camiión, para unha docena de saídas que facemos xera un importante gasto ao Concello, xa co seguro, e a parte de persoal, é o mantemento do camiión e co carné axeitado, temos coche de bombeiros, para o tractor e non se pode contar cunha persoa ou dous para todo.

Temos que priorizar uns servizos por riba doutros e hai casos puntuais nos que é mellor alugar por económico e hai que valorar isto antes de mercar o camiión e a parte temos o tema da ubicación del, porque non cabe na nave almacén tanta máquina. Creo que temos que ser coherentes e buscar a economía neste tema. Hai que controlar ben o gasto e estamos ante unha recesión e co tema do ICIO vamos rematar cunha merma nos ingresos e se precisa máis control en todas as cousas que se poda aforrar e con isto vamos a aforrar 2 ou 3 millóns de ptas e vamos ter o mesmo servizo.

No caso do tema de persoal, vou poñer un exemplo, eu onte cando saía do Concello ás 13:30 había 2 persoas de 80 anos agardando durante media mañá e me dixeran que agardaban por ter cita coa traballadora social, a mín me parece lamentable que haxa dúas persoas ás 13:30 horas agardando con outra traballadora social no pasillo e isto é lamentable.

Avanzan os recursos e o trato é peor. Que se lles de servizo aos cidadán de Ares e co resto de persoal igual. Ao mellor pois temos aquí no Concellos ti ves funcionarios por todas as esquinas e onde había 1 ou 2 hai 3. ó mellor non interesa tanta xente, agora pasas polos despachos e hai 3 persoas e así non é xa que a Administración da Xunta non é a do Concello e nós temos que dar servizo a máis de 5000 habitantes, e creo que hai que mellorar isto hai xente que se necesita a traemos e se non pois non. Hai que ver as cousas puntuais tanto se pode ver en temas de mobiliario e enseres, ao persoal hai que dotalo de todo isto e temos que controlarnos un pouco, que as cousas non veñen fáciles. Eu son partidario de utilizar as modificacións de crédito pero con rigor, con urxencia e do que esté falado.

Se temos unha baixa dunha obra e hai que facer algo a maiores para saír do paso pois hai que acometelo. Esas cousas poden acontecer efectivamente. Se as ráus se van a pavimentar pois as augas hai que arranxar as acometidas para logo non ter que levantar logo. Onde está o Corbalán, no paseo marítimo, a tubería estaba perdendo e a xente que tomaba café pois a ver. Esas obras hai que facelas. O tema do Clube de Remo pois ten que ser. Este é un mecanismo para afrontar estas incidencias. Pode poñerse enriba da mesa e que se estude o tema do camiión polos gastos que pode orixinar, a persoa que o vai manexar e que íamos mellor cun Dumper, un camiión non hai onde metelo e é máis



práctico como viñamos facendo alugando e xa digo para nós era mellor mercar unha pala.

E co tema do persoal hai que controlar. Vamos xerar moitos gastos con este tema e podémolo levar a Comisión para mellor estudo e pola subvención, para non perdela pdemos varias o obxecto e a deputación vainos dar igual a subvención, algunha cantidade e mercar outra ferramenta e punto e non xerar tanto gasto como decía o voceiro do BNG. Temos que pensar no que podemos afrontar. O Concello non é unha Consellería e debemos ter sentido.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Manuel se en vez dun camión fose unha furgoneta con grúa ou pala”

O, Sr Manuel Cendán di: ” O problema é usala e que non xere novos postos de traballo.”

Intervén o Alcalde “Se nós pedimos en vez do camión unha pala pequena, e facemos un pequeno cambio”

Intervén o voceiro do Partido Popular, Sr Manuel Cendán: “Podemos abordar este tema nunha comisiión para estudar se se necesita a pala ou si se demostra que precisamos o camión pois miramos a ver e como digo, esto vai conlevar moito gasto de mantemento, rodas, seguro...”

O Sr. Alcalde “vamos ver se o podemos asumir e vamos acadar a subvención, lóxicamente este aínda está sen cumprimentar e vemos interesante acadar este camión con grúa que levanta 2000 Kg e pódenos valer de moito”

Intervén o Concelleiro Sr Ferreiro: “Realmente é unha furgoneta con grúa”

Intervén o voceiro do Partido Popular Sr Manuel Cendán: “Eu proponho que se é certo que se precisa pois se trate o tema, e se é un tractor, ou un camión ou unha pala pois se valore e se consensúe”.

Toma palabra o Sr. Secretario Municipal: “en resposta ao Sr Doval que me pedía que me ratifique á postura constructiva do Sr Luís Cendán, a ver, o certificado dí, porque teño aquí o informe de cumprimento da Lei orzamentaria de febreiro do 2008, o certificado dí, remanente de tesourería para gastos xerais: 1.958.814,51 teño aquí a liquidación Sr. Luís Cendán, podolla deixar: remanente de tesourería para gastos xerais: 1.958.814,51, coincide co do expte nº 1, quitamos os 122626,20 para gastos xerais e quedando 1 millón 826 mil, porque o outros 956622,91 son para financiación afectada para subvencións xa concedidas, entón ou nos entendemos mal ou a ver, eu creo que está ben.”

Intervén o Concelleiro Sr Luís Cendán:” aquí no remanente utilizado na certificación que fas ti que poñes 2008, certificación de remanente utilizado no expediente nº 1 tal eso está mal Manolo son 1 millón 88 mil o remanente que utilizas no expediente nº 1 cal é a cantidade do remanente.”



Intervén o Sr Secretario: “son 132626 para gastos xerais”

Intervén o Concelleiro Sr Luís Cendán:” xa pero ti aquí pos remanente utilizado no expte 01/08 no para gastos xerais”

Intervén o Alcalde:”Luís se desconta de un millón 958 e queda un millón 826.”

Intervén o Sr Secretario: “Luís, xa o pon no Capítulo IV para gastos xerais, xa o pon o Preámbulo aínda que logo non o cite”

Intervén o Concelleiro Sr Luís Cendán:” Aquí leo que certificas que o remanente líquido de tesorería como consecuencia da liquidación do presuposto para o 2008 (está mal é o 2007) e o seguinte é este non estamos falando para os gastos que ti mencionas agora. Ese é todo o remanete de Tesourería.”

Intervén o Sr Secretario: “Luís, remanente de tesourería para gastos xerais, Capítulo IV. Remanente utilizado no expediente 01/08 132.626,20, vas ao nº 1 e efectivamente coincide gastos xerais 132626,20 agora non podes ter en conta os 956.622,21 que isto é con financiación afectada, o teño ben e me coincide coa liquidación que a teño aquí. Liquidación 2007, remanete para gastos xerais 1958814.51 coincide co se certificou. Resto gastos xerais e me queda 1826188.”

Intervén o Alcalde:”Queda de remanente 1.100.000 €quedan case 200 millóns de ptas, non quedamos en números roxos”

Intervén o Concelleiro Sr Luís Cendán:” Eu non dixen que estabamos en números roxos, a mín as contas que fago...”

Intervén o Alcalde:”Queda de remanente máis dun millón de euros, a situación é así e estamos así. Este expte nos deixa en condicións de seguir resolvendo situacións”

Intervén o Concelleiro Sr Rodríguez Doval” As cousas como se leen, producen dúbidas e son importantes, centrarnos no que son os contidos do expte e non discrepamos de que si se pideu, e que agora parece que o problema do expediente de modificación de créditos de setecentos e pico de mil euros é que a ver se mercamos unha pala ou un volquete, a mín xa me chama a atención isto e igual non hai que mercar ningún dos dous, non o sei, eu supoño que cando o grupo de goberno pideu unha subvención para un camiión, que conste que coincido en que non temos que ter todos de todo e o mellor sería mancomunar certos servizos con outros concellos, pero ese é outro debate.

Eu supoño que si se chega á petición dun camiión destas características é porque efectivamente hai necesidade e si se pide un coche da policía local non o supoño, o afirmo, é unha necesidade, eu non discutín isto, as cousas nas que coincidimos están ahí, e fixen referencia a algunha e en concreto, falar aquí do tema , a mín non se me pode comentar nada da hipotética compra da escola de nenas porque as negociacións que se comezaron a facer as comezei eu no ano 1988, cando estaba de Alcalde, que lamentablemente habvía un problema que logo se arranxou e eu non discutín eso, eu comentei que me enterei polo periódico que había negociacións por parte do



representante desta corporación con particulares para adquisición da escola de nenas e me entero hoxe do que nos custa iso.

É un método, eu non lle digo que non pode facer todo o que fai lle digo que dende o punto de vista dos que temos que vir aquí, pois non nos parece correcto pero que no está a debate aquí se hai que recuperar as antigas escolas de Nenas, vostede por exemplo a un grupo político que levou gorrazos por aprobar un plan de urbanismo que catalogaba ese inmoble como singular, pois vostede eso non llo pode decir, entende, entón non estamos debatindo eso, nin debatimos se hai que amañar o parque do Porto, eu non dixen que tivera dúbidas, simplemente dixen que non sei qué actuación se fixo, polo tanto non debatamos no que coincidimos porque é unha mecánica absurda e xa sei por onde van os tiros, para logo decir, non Alcalde, en canto nas dúbidas dixen, non sei cal é a actuación, dixen que estivera en contra de amañar eso, home por favor, parece que aquí non falamos o mesmo idioma, pois xa estou convencido de que ese parque hai que amañalo, e dixen que non sabía da actuación en qué consistía.

O tema da política laboral, creo que no pode ser así, penso que a afirmación que se fai e a teoría que se fai no sentido de que eu non sabía cando aprobei os presupostos da xente que me ía a ir, pois hai que facer unha previsión, pode que non saiba, pero unha previsión para ver se vai vir algo. O Concello non se pode atopar de golpe cun proceso e chegar o momento en que non se diga que sí a todo, porque mire, das 19 persoas de novo que viñeron para a quí me gustaría ver algunhas e para o traballo do Concello, ver si son efectivas, non tendo máis se traballa moito máis, ten que haber organización.

O mellor temos un problema de organización, a clave non pode ser canta máis xente mellor, haberá un límite, e creo que hai deficiencias na organización do traballo do Concello, e que as silveiras naceron sempre, as rúas hai que limpialas, e eu me acordo aquí de antes, como dí o outro, estaba Varela e pouco máis, e non nos comían as silvas, e non tiñamos tanta xente nin maquinaria, hai que facer unha reflexión máis profunda, estamos falando dunha modificacións de 67000 € que a mín parece unha cantidade excesiva.

Finalmente, no tema de urbanismo, eu creo que nós no tema de urbanismo tivemos unha cautela, e falo de tivemos, porque tivémola de aquela e seguimos téndoa, nós hai exectamente un ano lle trasladamos ao resto dos grupos políticos un decálogo de ideas de cómo nós víamos cómo había que abordar un novo plan de urbanismo, partindo da idea de que non había máis narices que enfrontar iso, fixémoslo antes de que saíra a sentenza, e sabíamos todos que o que dixera o Tribunal Supremo ía casar o que dixera o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e polo tanto era unha cuestión de tempo atoparnos sen PXOM e polo tanto isto ía dar lugar a dúas cuestión: quedarnos sen instrumento Urbanístico e voltar ás NNSS do 1979 e en segundo lugar toda a batería de efectos que ten en baixada de ingresos, seguridade xurídica, etc.

A nós non nos fixo falla que chegara a sentenza do Supremo, e daquela a proposta do BNG ninguén se deu por aludido, respecto, nós non marcamos o calendario



político e a anosa obriga é trasladar ao resto dos grupos o que pensamos e se fixo por escrito e rexistrado nas oficinas municipais, e mire, non foi o noso grupo quen dixo cando saíu a sentenza do Supremo, que a Xunta ía facer un Plan novo en dous ou tres meses, non foi o noso grupo quen o dixo, nin foi o noso grupo o que aprobou uns ornamentos que prevían un ingreso dun millón de euros en ICIO, e algúns claro, tampouco non estamos tirados ao monte e somos sensatos, e recórdolle tamén falando do tema de cultura, que a única intervención, lea vostede a Acta, que houbo nos grupos decindo e reflexionando sobre a cantidade da partida de cultura que era deficiente, foi a do BNG e é evidente que nós non levamos cultura nin formamos parte do grupo de Goberno e fixemos propostas en positivo.

Eu reitérolle a proposta que lle fixen e concreto, retiramos a partida de 90.000 € das actividades culturais, quitamos ese concepto de ahí, quitamos o apartado 9, contratación persoal por acumulación de traballos urxentes e quitamos os 48575 € que se refiren a modificacións de NNSS de Planeamento; si se retiran eses tres apartados a nosa proposta, a nosa posición sería votar favorablemente ó expediente de modificación de créditos, nos da igual que se merque unha pala ou que se merque un camión.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “O expediente ven como ven, hai obras que son urxentes, estamos en setembro e todos temos que ser conscientes de que isto é unha acumulación de gasto, e unha vez que isto se aprobe si se aproba eu o que sí, me sento e falamos do que se quere ou non, por exemplo, cos vinte e pico mil euros do camión, si non se quere un camión pois non se merca un camión, pero o que sí, que temos o equipo da oficina do Planeamento ten que comezar xa e non se pode pospoñer. Por exemplo tamén co de Redes, esta obra ten que estar xustificada o 15 de outubro, coa aportación municipal pagada por transferencia bancaria, perdemos 30 millóns, e estamos a finais de setembro. Cómo non ímos pagar isto.

Efectivamente isto é unha habilitación de gasto, logo se pode discutir si se merca unha pala ou un camión pero temos a obriga de resolver economicamente o que sabemos que se vai pagar; en Cultura, 90000 € hai que pagar, lle digo a ese señor que espere outra semana, ou que non lle podo pagar, eu non teño cara para seguir dicíndolle ós provedores que non lles podo pagar.

Efectivamente, a trasacción do denegar non se pode aceptar, defendo unha modificación puntual das NNSS, porque hai unha serie de asuntos que hai que arranxar, aquí eu non podo transixir, eu non podo seguir mirando para COINASA, JOFER e PAFERSAN, e decirlles que están avocados ao mesmo, ao derrube. Nós estamos avocados a solucionar os problemas porque ahí xa se mercaron pisos, e qué lles digo que agraden 5 anos a un novo plan, non pode ser, son situación urxentes. Eu lóxicamente se tae o expediente e somos consecuentes de que vimos falando dunha serie de temas e ó da modificación puntual, cabalo de batalla do BNG, eu transixiría, pero con iso no podo transixir, e significa non darlle aos veciños solucións ata dentro de 5 anos e coas NNSS se poden dar solucións en 7 meses, para algunhas cousas, efectivamente vamos a facer un estudo de detalle do casco urbán de Ares e de todo o



casco urbán de Redes, ao que obrigan as NNSS, o estudo de detalle de todo o casco non é para os problemas de PAFERSAN, e van no medio.

Nestas NNSS hai que tentar salvar PAFERSAN porque senón ese edificio o van a tirar e as NNSS son para eso e eu o único que pido é que me permitais contratar, logo o resultado o votais ou non o votais, se non o votades eu o tentei, se tiran os edificios, eu durmo tranquilo porque eu o tentei, pero se non me deixades contratar coa empresa estamos apañados.

Se trata de contratar para traer un resultado que logo o vades votar. Se non vos gusta arranxar o do muro pois logo o votades que non. Pero aquí o tema é que se non se habilita este diñeiro, non podo contratar, é responsabilidade de tódolos grupos porque as NNSS as vamos debater, logo teremos oportunidades de mellorar. Facemos un estudo de detalle, unha modificación puntual, e logo gracias a habilitar estes cartos, efectivamente esa é unha cuestión que non admite esa demora.

Non podemos alongar o problema eternamente, porque eso agardando pola sentenza non te deixa marxe. Eu pediría reponsabilidade neste sentido e efectivamente nos pode valer para pequenos detalles pero que son obrigas contraidas e as esperanzas da xente de que eu non podo arranxar as cousas legalmente, e eu non lle podo arranxar a ninguén, non teño unha varilla máxica, necesito unhas NNSS. ¿Somemos a votación?”

Intervén o Sr. Rodríguez Doval :”Nós mantemos a nosa posición, eu aprobo o expediente coas modificacións solicitadas, 90000 € das ceas dos maiores, actividades culturais, contratación de persoal e NNSS, que se retire esa proposta”

Acto seguinte sometese a votación a emenda que presenta o BNG, e o Pleno do Concello por 2 votos a favor (2 BNG, 5 en contra do PSdeG-PSOE e 5 abstencións – 4 P.P. e 1 NAL), acorda rechazar a emenda.

Seguidamente sometese a votación a proposta da Alcaldía de aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 3/2008, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (5 PSOE e 4 PP) e 3 votos en contra (2 BNG e 1 NAL), acorda prestarlle a súa aprobación, e consecuencia :

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de créditos núm. 3/2008.

2º.- Someter a información pública mediante publicación no BOP polo período de 15 días hábiles o presente expediente. Significándose que se durante dito prazo non se presentan reclamacións quedará definitivamente aprobado sen necesidade de novas publicacións.

3º.- No caso de resultar aprobado definitivamente os Estados de Gastos e Ingresos quedan como de seguido se transcribe:



ESTADO DE GASTOS:

A) OPERACIONES CORRENTES.-

	CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIGNACION FINAL
CAPITULO 1	2.094.791,88	59.537,83	-	2.154.329,71
CAPITULO 2	1.928.930,80	254.055,06	-	2.182.985,86
CAPITULO 3	131.737,35	-	-	131.737,35
CAPITULO 4	80.454,00	-	-	80.454,00

B) OPERACIONES DE CAPITAL

	CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIGNACION FINAL
CAPITULO 6	3.898.442,57	419.964,71	-	4.318.407,28
CAPITULO 7	117.435,34	-	-	117.435,34
CAPITULO 8	10.248,15	-	-	10.248,15
CAPITULO 9	172.681,12	-	-	172.681,12
TOTAL	8.434.721,21	733.557,60	-	9.168.278,81

ESTADO DE INGRESOS.

A) OPERACIONES CORRENTES.-

	CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIGNACION FINAL
CAPITULO 1	1.170.613,50	-	-	1.170.613,50
CAPITULO 2	1.000.000,00	-	-	1.000.000,00
CAPITULO 3	928.001,36	-	-	928.001,36
CAPITULO 4	1.655.483,44	-	-	1.655.483,44
CAPITULO 5	64.030,43	-	-	64.030,43

B) OPERACIONES DE CAPITAL

	CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIGNACION FINAL
CAPITULO 6	0,00	-	-	0,00
CAPITULO 7	1.450.230,39	-	-	1.450.230,39
CAPITULO 8	1.099.514,56	733.557,60	-	1.833.072,16
CAPITULO 9	1.066.847,53	-	-	1.066.847,53
TOTAL	8.434.721,21	733.557,60	-	9.168.278,81

O Sr. Alcalde di que as cousas só teñen un nome, non teño por qué esconder nada para mín isto é algo moi importante e gracias a todos polas vosas aportacións e neste sentido penso que o debate foi moi correcto e fructífero e en especial, gracias ao Partido Popular, por entender as necesidades desta Alcaldía e nese sentido votar a favor da proposta.



Punto núm. 9.- Creación, modificación e supresión de ficheiros en cumprimento da Disposición Transitoria primeira do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Dada conta do Informe do Sr. Secretario de data 19 de setembro de 2008, do seguinte teor literal:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Creación, modificación e supresión de ficheiros en cumprimento de la Disposición Transitoria primeira do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

De acordo co ordenado por , e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. Por protección de datos persoais enténdese a adopción de medidas legais, técnicas e organizativas por parte das entidades que manexan datos de carácter persoal de terceiros en orde a garantir a súa seguridade, integridade, confidencialidade e exactitude, ademais de facilitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos titulares dos devanditos datos persoais. En definitiva, a Lei sobre Protección de Datos define o marco de utilización e tratamento lexítimo de datos persoais polas entidades responsables dos ficheiros.

SEGUNDO. A lexislación aplicable é a seguinte:

- A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- O Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba, o Regulamento de Desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- O Real Decreto 428/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos.



- O Real Decreto 195/2000, do 11 de febreiro polo que se establece o prazo para implantar as Medidas de Seguridade dos Ficheiros automatizados previstas no Regulamento aprobado polo Real Decreto 994/1999, do 11 de xuño.

TERCEIRO. O tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a Lei dispoña outra cousa.

Os datos de carácter persoal só poderanse recoller para o seu tratamento, así como sometelos ao devandito tratamento cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtiveran.

En todo caso, haberá de estarse ao disposto para os datos especialmente protexidos e que se recollen no artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

CUARTO. O procedemento para crear, modificar ou suprimir os ficheiros do Concello que conteñan datos de carácter persoal e a súa posterior inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos é o seguinte:

A. Conforme aos artigos 20.1 da Lei Orgánica de Protección de Datos, e 52 do Regulamento que desenvolve a Lei de Protección de Datos, a creación, modificación ou supresión de ficheiros de **titularidade** pública só pode facerse por medio dunha disposición xeral publicada no *Boletín Oficial do Estado* ou *Diario Oficial* correspondente.

Dado o seu carácter normativo, a súa aprobación será competencia do Pleno.

B. A Disposición Adicional Primeira da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal establece que, en relación aos ficheiros de **titularidade** publica existentes con anterioridade á entrada en vigor da citada Lei, os responsables dos ficheiros deberán aprobar a pertinente disposición de regulación de ficheiro ou adaptar a existente.



C. A disposición de creación, modificación ou regulación de ficheiros deberá indicar, a teor do artigo 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, deberá conter os seguintes extremos:

a) A identificación do ficheiro ou tratamento, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos.

b) A orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos, o procedemento de recollida de datos e a súa procedencia.

c) A estrutura básica do ficheiro mediante a descrición detallada dos datos identificativos, e no seu caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídas neste e o sistema de tratamento utilizado na súa organización

d) As comunicacións de datos previstas, indicando no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios.

e) As transferencias internacionais de datos previstas a terceiros países, con indicación, se é o caso, dos países de destino dos datos.

f) Os órganos responsables do ficheiro.

g) Os servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

h) O nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible.

[Nas disposicións que se diten para a supresión dos ficheiros, establecerase o seu destino ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución]

D. Dentro dos trinta días dende a publicación da súa norma ou acordo de creación no Boletín Oficial de A **Coruña**, o ficheiro de datos de carácter persoal deberá ser notificado a la de Protección de Datos para que no prazo dun mes, dite e notifique a resolución acerca da inscrición, modificación ou cancelación no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

E. A notificación á Axencia Española de Protección de Datos deberase efectuar cumprindo os modelos ou formularios electrónicos publicados ao efecto pola Axencia Española de Protección de Datos, acompañando á devandita



notificación unha copia da norma ou acordo de creación, modificación ou supresión do ficheiro.

Cando o diario oficial no que se atope publicada a citada norma ou acordo sexa accesible a través de Internet, non será preciso acompañar a norma ou acordo de creación e abondará con indicar na notificación o enderezo electrónico que permita a súa concreta localización.

A notificación efectuarase en soporte electrónico, xa mediante comunicación electrónica a través de internet mediante sinatura electrónica, ou en soporte informático, utilizando ao efecto o programa de axuda para a xeración de notificacións que a Axencia porá a disposición dos interesados de forma gratuíta. Será igualmente válida a notificación efectuada en soporte papel cando para a súa cumprimentación sexan utilizados modelos ou formularios publicados pola Axencia.

F. Recibida a notificación, se a mesma non contivese a información preceptiva ou se advertisen defectos formais, o Rexistro Xeral de Protección de Datos requirirá o responsable do ficheiro para que no prazo de tres meses, complete ou emende a notificación.

G. Se a notificación referida á creación, modificación ou supresión do ficheiro contivese a información preceptiva e se cumprisen as restantes esixencias legais, o Director da Axencia Española de Protección de Datos, por proposta do Rexistro Xeral de Protección de Datos, acordará, respectivamente, a inscrición do ficheiro, asignando a este o correspondente código de inscrición, a modificación da inscrición do ficheiro ou a cancelación da inscrición correspondente.

Cando da inscrición, modificación ou cancelación dos documentos achegados polo responsable do ficheiro se desprenda que a notificación non resulta conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, o Director da Axencia Española de Protección de Datos, por proposta do Rexistro Xeral de Protección de Datos, ditará resolución denegando a inscrición, modificación ou cancelación.

SEXTO. Calquera persoa poderá coñecer, solicitando a tal fin a información oportuna do Rexistro Xeral de Protección de Datos, a existencia de tratamentos de



datos de carácter persoal, as súas finalidades e a identidade do responsable do tratamento. O Rexistro Xeral será de consulta pública e gratuíta.

Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do **cedente** e do cesionario co previo consentimento do interesado.

SÉTIMO. O interesado terá dereito a solicitar e obter gratuitamente información dos seus datos de carácter persoal sometidos a tratamento, a orixe dos devanditos datos, así como as comunicacións realizadas ou que se prevén facer destes.

Este dereito de acceso só poderá ser exercitado a intervalos non inferiores a doce meses, salvo que o interesado acredite un interese lexítimo ao efecto, en cuxo caso poderán exercitalo antes."

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, nace nunha directiva do Parlamento Europeo, 45/96E derogando a súa vez a Lei Organica 5/92, nos dan uns marxes de obrigado cumprimento para poñer en funcionamento todo tipo de medidas, que veñen aquí recollidas nesta Lei, non teño nada en contra do sistema e vou a votar favorablemente pero me gustaría que o mellor como é un servizo cun coste presupostado por unha empresa, pero entendendo que a Deputación é o Concello dos Concellos, creo que era unha xestión propia onde a Deputación se debería de facer cargo xunto coa empresa, o igual que puxo en funcionamento outros servizos este Servizo debería facerse cargo a Deputación.

O Sr. Alcalde, manifesta que este tema nos pode acarrear algún problema, que cada vez é máis acuciane, que é a aparición de ficheiros descontrolados, que poden ser obxecto de sanción pola Oficina de Protección de Datos, todos recordamos o tema de Sada onde a Policía Local manexaba ficheiros referidos a menores, e que unha Empresa pase todos os meses a controlar se todo esta ben, nos evita de responsabilidades. E certo que pode existir unha demanda por parte de todos os Concellos para que este servizo o preste un órgano supramunicipal como a Deputación, pero a día de hoxe non o presta.

O Concello Pleno considerando a necesidade de regularizar a situación dos ficheiros existentes no Concello e que conteñen datos de carácter persoal de acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos.

Visto o informe dos Servizos Técnicos no que se contemplan os ficheiros que requiren regulación e o informe-proposta de Secretaría.



Visto o Informe de Secretaría de data 19-09-08 anteriormente transcrito e de conformidade co disposto no artigo 20 de Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, O Pleno do Concello por unanimidade adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Crear, modificar e suprimir, conforme á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os ficheiros que se contemplan no Anexo e solicitar a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

SEGUNDO.- Publicar integramente o contido do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Notificar á Axencia Española de Protección de Datos o contido do Acordo adoptado.

Punto núm 10.- Adhesión do Concello de Ares, como socio da “Asociación Grupo Acción Costeira –Golfo Artabro”.

Interven o Sr. Alcalde manifestando que é un programa similar ó de Costa Artabra, é un programa que busca a aplicación de diferentes sectores, neste caso son os pobos Costeiros, en Costa Noroeste eran os pobos rurais.

O Sr. Rodríguez Doval, anuncia que o seu voto vai a ser favorable, quere pedir porque considera que é unha das claves para que este proxecto consiga gran parte da filosofía que ten que é a participación e como nos explicou a Consellería o outro día na súa visita, parte dunha idea de que o tema do mar non é soamente das Confrarías de Pescadores, que hai unha cultura do Mar que pervive en persoas, en entidades, en memoria gráfica ou escrita, e nos hai temos que activar un sistema a parte do que está definido na propia estrutura de Golfo Artabro, un sistema que permita a interacción tamén coas Entidades, que me consta que xa se está facendo así, e con particulares que en moitos casos teñen baixo a súa chave elementos que foron trascendentais nesta Cultura, da pesca e do propio marisqueo, e dicir que nos poñamos todos e todas máns a obra para que esto poda chegar a bo porto e nunca mellor dito.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que o seu voto vai a ser favorable, que xa participamos en Costa Artabra, e funcionou ben.

Rematado o debate sometese a votación o asunto e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:

1º.- Acordase que o Concello de Ares, con C.I.F. P-1500400-E, con domicilio social en Avda. Saavedra Meneses núm. 12, e nacionalidade española, constitúa e forme parte da Asociación Grupo de Acción Costeira “Golfo Artabro” que tomará como forma xurídica, asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei de Asociacións 1/2002.



2º.- En relación ó mesmo asunto, acórdase tamén outorgar a conformidade ao borrador de estatutos da futura asociación, que forma parte deste acordo como anexo e serán aprobados no acto constitutivo da dita asociación.

3º.- Así mesmo, désígnase como representante no acto constitutivo da nova asociación a D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con D.N.I. núm. 32.649.797-D, Alcalde-Presidente desta entidade. E como representante permanente na futura asociación désígnase á mesma persoa D. Julio Ignacio Iglesias Redondo con D.N.I. núm. 32.649797D Alcalde-Presidente desta entidade.

Punto núm 11.- Plan de Cooperación dos Concellos (PCC).

Polo Sr. Alcalde-Presidente, se manifesta que a obra que se propón e proxecto do Ciclo Hidráulico da Avda. da Paz, Ramón Pimentel e da Rúa Celso Emilio Ferreiro.

O Sr. Rodríguez Doval, di que na medida en que se vai a abrir zanzas, que estudie a posibilidade de canalizar algún servizo máis.

O Sr. Alcalde di que a medida que este aberta a zanza o Concello polo súa conta meterá o tubo e avisará as compañías que soteren os cables, posto que o tubo non vale moito diñeiro, eso mesmo fixemos na Praza da Igrexa.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda:

1º) Participar no Plan de Cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Ciclo hidráulico nas rúas Celso Emilio Ferreiro, La Paz e Doutor R. Pimentel	340.747,73 €	30.977,08 €	309.770,65 €
TOTAL	340.747,73 €	30.977,08 €	309.770,65 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.



4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 12.- Dar conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía-Presidencia, dende a celebración da anterior sesión ordinaria.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Sr. Luis Cendán, manifesta que as Resolucións de contraído de pago, non viñeron no anterior Pleno e neste tampouco veñen, decir que na medida do posible se trate de incluír estas Resolucións de contraído de pago.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 13.- Mocións e propostas.

Moción do B.N.G. “C.P.I. Conde de FENOSA”.

Dase conta da Moción do BNG que seguidamene se transcribe:

MOCION AO PLENO DO CONCELLO DE ARES.

No remate do pasado curso escolar a equipa directiva do CPI “Conde de FENOSA” facía público un informe no que suliñaban as carencias das actuais instalacións do centro, nomeadamente as derivadas da falla de espazo físico como resultado da progresiva masificación do centro nos últimos anos.

Esta situación, ao marxe dos problemas no tocante á inadecuación de moitos espazos que se están a utilizar; está a derivar en nefastas consecuencias para o que sería unha acaída atención ás necesidades educativas e, en definitiva, a



administración dun ensino de calidade para as nenas e nenos do centro. A conclusión do devandito informe no deixaba dúbida na concreción da alternativa a esta situación: é imprescindible a realización dun CENTRO NOVO.

Após da publicación dos datos referidos a esta situación, a Consellería de Educación facía unha vista ao CPI, concluindo ao remate –segundo a información facilitada oficialmente desde o concello – que “...tanto a Delegación Provincial como os servizos técnicos da Subdirección Xeral están traballando para definir a solución máis axeitada ás necesidades de Ares”, precisando logo que “... Educación conta cunha marxe de dous ou tres anos para estar no límite...”.

Por outra banda e, a resultas dunha iniciativa do Deputado do BNG no Parlamento Galego, Fernando Blanco Parga, feita ao fio do devandito informe; a Consellería de Educación ofrece unha desposta na que afirma con rotundidade que “...durante ós últimos anos non se realizou unha planificación dos recursos educativos acorde coas necesidades construtivo-funcionais actuais”, recoñecendo tamén que o acollemento de alumnado infantil, primaria e ESO nun centro inicialmente previsto para primaria “... provoca problemas á hora de organizar espazos”.

Na contestación da Consellería omítese a contestación a dous dos aspectos fundamentais da pregunta formulada, e que deitarían luz sobre a solución do conflito: as previsións: da administración a respecto de construción dun novo Centro e, en relación co mesmo, o compromiso do concello na posta a disposición dos terreos necesarios. Todo apunta, pois, a que non só no curso que acaba de empezar, senón tamén no vindeiro, a problemática reflectada no informe do CPI vai continuar e mesmo agravarse, derivando en definitiva na merma da calidade do ensino.

A vista do anterior e, co obxecto de concretar os pasos a dar no camiño da solución aos problemas educativos que ten hoxe o noso concello, desde o Grupo Municipal do BNG propomos ao Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Contratar –ben no seo da Comisión correspondente o una Xunta de Voceiros- a definición da/s posible/s alternativas á ubicación dun novo centro de ensino no noso concello.**
- 2.- Iniciar urgentemente as negociacións cos propietarios dos devanditos terreos para a compra dos mesmos por parte da institución municipal.**
- 3.- Levar a cabo, en paralelo ao anterior, as conversas coa Consellería de Educación para garantir que a mesma asuma a redacción do proxecto e posterior execución das obras; definido compromisos económicos e prazos.**



Toma a palabra o Portavoz de BNG, manifestando que a Moción vai na liña de perfilar o que á noso xuízo debe de ser a actuación do Conxunto da Corporación, dun tema que nos preocupa a nos como xestores desta Institución, pero que fundamentalmente preocupa á comunidade escolar, que é un tema como o afogamento que viven as instalacións do Colexio Conde Fenosa, o propio apoio básico da exposición que se fai na moción saen dun propio informe que fai o equipo directivo do Colexio Conde de Fenosa no pasado mes de maio, na medida que se manifesta que hai un ciclo de subida de nenos e nenas en idade escolar, e as instalacións estánse convertindo en non utilizables, por non meternos no que di a lei en relación coa propia ubicación das instalacións, servizos que ten que dar, aire, luz, etc., etc..

Nese sentido hai coincidencia en todo o mundo que na medida en que se manteña este ciclo de incremento da poboación en idade escolar, as instalacións do Conde de Fenosa se quedan pequenas e non cumpren desde logo as normativas básicas.

Parece que tamén hai coincidencia, en que a solución apuntada desde un principio xa non desta Corporación, era a dispoñibilidade de novos terreos lindantes coa instalación actual, ou en todo caso alternativas. Desde aquela fase a situación non fixo máis que agravarse, a día de hoxe o noso grupo descoñece se por parte do grupo de Goberno hai algunha vía de negociación aberta, e se esa vía estivese aberto se debería oficializar a partir de agora cun proceso que sería o máis urxente que sería a busca de terreos que cumpran, e en segundo lugar e paralelamente xestións coa propia administración educativa para que se vaian facendo os deberes, no sentido de que cando poideramos ter os terreos, se redacte un proxecto o técnico, nos tememos que para este curso non temos o temo solventado, pero o vindeiro 2009-2010 tampouco vai a estar, polo que estamos a falar dunha espera de tres anos para solventar un tema que para nos é moi urxente, e nese sentido veñen moi matizadas as propostas que facemos:

- 1.- Contratar –ben no seo da Comisión correspondente o una Xunta de Voceiros- a definición da/s posible/s alternativas á ubicación dun novo centro de ensino no noso concello.**
- 2.- Iniciar urgentemente as negociacións cos propietarios dos devanditos terreos para a compra dos mesmos por parte da institución municipal.**
- 3.- Levar a cabo, en paralelo ao anterior, as conversas coa Consellería de Educación para garantir que a mesma asuma a redacción do proxecto e posterior execución das obras; definido compromisos económicos e prazos.**

Trátase de que a Corporación tome posición neste, e teñamos unha valoración consensuada e común con independencia de quen este no equipo de Goberno, queremos máis debate, máis información, e decisións concretas por parte do conxunto da Corporación que son as que propoñemos aquí.



Acto seguinte interven o Sr. Luis Cendán, manifestando que esta de acordo cos puntos que trae a Moción, decir tamén que estas xestións xa se habían iniciado, non foi o ano pasado senón o anterior, cando se desplazara o Sr. Delegado ó Concello e se vira a necesidade que había debido o crecemento que había en canto os nenos no Colexio se comproba de que quedaba escaso e a posibilidade que se plantea era de mercar terreos e facer un colexio novo, se fixeron as xestións se falou cun propietario que está cerca do Colexio, se lle invitou a que fixera unha proposta, e o parecer xa estaba dado en herencia a súa filla non lle interesaba vender. Entonces naquel momento a idea que se tiña era mirar de redactar o Planeamento e que se incluíra ese tipo de edificación; e o último que coñece este portavoz son as denuncias a través dos xornáis da APA e do Colexio da escasez de medios de profesores e de espazos. Simplemente reiterar que esta de acordo coa moción tal e como ben o Pleno.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que na súa etapa de Alcalde, sempre veu incidindo que a medio prazo tiñamos que meternos co tema do Colexio, buscar unha parcela para facer un Colexio novo, que se veía que aquilo era todo a base de remendos, o Concello de Ares, é un un Concello que está en cremento dende hai anos, que este curso o vamos a solventar pero no vindeiro ano vamos a ter o problema de ubicación dos nenos, por parte do APA e da Dirección do Colexio se me pediu que buscará a solución para facer unhas aulas de infantil, nas que buscamos a parcela que estaba ó lado do Colexio, para que se tiña que facer unha modificación puntual, a cal é fixo, e por parte de Educación se lle resposta ó Concello que efectivamente se necesita a obra pero que non é urxente, que había que facer un informe medio ambiental da parcela, o solicitamos a Dirección Xeral de Medio Ambiente, e nos desposta que non fai falla o informe, creo que nos estiveron toreando. O tema é que hai que facer un Colexio novo, eso o sabe a Administración, o sabe todo o mundo, pero o tema é que non hai cartos, e como non hai cartos para facer un Colexio novo nos van a estar toreando, a clave é que a Consellería de Educación non ten diñeiro para facer un colexio. Outro tema é que o espazo que se necesita para facer un novo Colexio, os terreos colindantes o actual, poden costar entre douscentos ou trescentos millóns de pesetas, e se non temos capacidade para facer esta operación, teremos que desplazarnos un kilómetro. Nosoutros lle vamos a dar o voto favorable á Moción, e temos que poñernos manos á obra.

O Sr. Alcalde, manifesta que nos estamos traballando nun problema que temos detectado, en consecuencia esta Moción non nos pon en alerta pola situación, viu a Consellería de Educación e a levamos a falar coa Dirección do Colexio, viu o Delegado e efectivamente estamos a facer xestións para buscar unha solución, non sei cal vai a ser a solución, se vai ser mercar terreos para facer un Colexio Novo, ou comprar terreos, para facer unha Escola de Infantil, que é onde esta problema, e polo que non estamos de acordo coa proposta desta Moción porque aposta directamente por facer un Centro novo, non sabemos se a Consellería de Educación o vai a asumir ou non, tampouco sabemos se vamos a atopar terreos aceptables para un centro novo, e non valora a solución do problema máis adaptada as necesidades que presente o Concello, como dixo o Portavoz do Partido Popular, que é simplemente intentar comprar a parcela de



enfrente, manter a estrutura actual do Colexio co obxecto de racionalizar recursos, posto que sería moi custoso tirar todo, e comprar a parcela anexa para facer a aula infantil, como non se cal vai a ser a solución a adoptar, e os acordos que propón a moción apostan pola construción dun novo centro, non vamos a apoiar esta Moción porque que creemos que hai outras solucións, que pasan por ampliar o Colexio. Existen terreos libres anexos o Colexio, que se poden adquirir, variar o camiño, sendo unha solución moito máis razoable, economicamente máis óptima, e para o Concello moito máis asumible, en consecuencia o noso voto será en sentido contrario.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que o do Centro Novo, non o inventa o Bloque, está reflexado nun escrito que nos pasou a Dirección do Colexio, o de facer un novo Centro é unha das posibilidades, nos o que estamos facendo hoxe aquí é tendo unha visión, non estamos obrigando á Consellería a facer un Centro Novo. Non pretendo impoñerlle a Consellería de Educación que faga un Colexio Novo, senón que lle de unha solución a esto, e creo que a única solución será un Centro Novo no caso de manterse as constantes. Que hai facer obra nova, que hai que poñer terreos eso é impenable.

O Sr. Alcalde manifesta que se se transaciona a Moción, no senso de dicir

1º.- “concretar, ben no seno da comisión, o na súa de voceiros, a definición das posibles alternativas a solución do problema de padece o C.P.I Conde de Fenosa,”.

2º.- Iniciar urxentemente as negociacións cos propietarios dos terreos co obxecto de solucionar os problemas do C.P.I.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di temos que todos conscientes co que estamos a falar, as previsións para os vindeiros anos é maior, en Ares hai moitos nacimentos, é un dos Concellos da comarca que máis creceu, se temos que dar un servizo para unha poboación de sete ou oito mil habitantes a solución non pasa por máis parches, eu non digo que tiñamos que facelo xa pero a medio prazo temos ese problema encima.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 7 votos a favor, (2 BNG, 4 P.P. e 1 NAL) E 5 votos en contra do PSOE, acorda prestar a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

Punto núm 14.- Rogos e Preguntas.-

Aberto o turno de rogos e preguntas toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que ten unha serie de rogos e preguntas:



A primeira é que onte viu un señor a falar connigo, por mor dun contenedor que ó parecer había litixio, na Rúa María, e o grave é que se colocou o contenedor, fixo na baixado e subida de minúsvalidos, eso é para quitarlle unha fotografía e mandala á prensa.

O Sr. Alcalde di que non se trata de rampa de minusvalidos, é unha baixada que comunica a dúas beirarúas que están a distinto nivel. E se fixo eso porque ninguén quere o contenedor.

Sendo as 13 horas e 45 minutos ausentase da Sesión o Sr. Alcalde-Presidente, pasando a presidir a Sesión o Sr. García Prego.

Co listado das gardas do Rexistro, chamoume a atención que se colocou un cartel, por dúas cousas, porque se mete unha cantidade de xente, que non ten nada que ver (técnicos laborais), aparece Lidia, aparece a psicóloga, a asistente social, creo que esto aparte de que se o miras ben, se fai unha discriminación, posto que se meten os técnicos laborais que son mulleres, e os homes non como é o caso dos Aparelladores.

Desposta o Sr. Ferreiro Montenegro, manifestando que se lles deu dúas opcións, para escoller, e a xente que fai gardas sae media hora antes, tiña que velas que contentas saían o primeiro día.

O Sr. Cendán Fernández, pregunta en relación co tema do vado que se colocou no Castro, este xa veu varias a Pleno, e segue colocado e levamos un ano con este tema e segue sen resolverse, quero dicir que ese camiño é público e así consta no rexistro de Inventario e Bens do Concello, e ese vado está impedindo á cidadanía de Ares, que pase por ese camiño público, mentres non se descatalogue nun Pleno eso é público, e creo que o Concello ten que solucionar este tema.

O Sr. García Prego, resposta que neste tema existe un litixio e se está a esperar o que dicide a Xustiza.

O Sr. Manuel Cendán, pregunta se na Rúa Salazón, se vai a facer algunha actuación posto que está toda levantada, e esta no pleno centro de Ares.

O Sr. Ferreiro Montenegro, resposta que Marcelino quedou de asfaltar aquilo no mes de setembro, é a súa obrigación, urbanizar aquilo, posto que é unha condición da licencia.

O Sr. Cendán Fernández, di que na carretera de Seselle a Franza pola parte traseira do almacen de SAR, nesta carretera non caben dous coches sería bo poñer unha dirección única.

Con relación á inauguración da escaleiras de estacas, dicir, que desde o noso grupo non nos pareceu ben que non nos comunicades nada, posto que nos tiñamos



intención de ir, cando inauguramos a praza de Lubre que se lle puxo o nome de Tucho Vilasánchez, tiñamos a intención da Rúa San Andrés e a escaleiras de acceso poñerlle o nome de Moncho, pero despois pasou o que pasou no P.P. e non se pudo levar a cabo. Eu persoalmente tiña intención de asistir os actos, e a obrigación cando hía un acto público pasar a invitación ós grupos políticos.

Con respecto á licencia municipal do Centro de Día, que están traballando alí, eso non pasou por ningún órgano colexiado, e o proxecto ten que pasar polo Pleno, eso hai que facelo ben, posto que hai denuncias dos veciños, e non vai ser que nos explote nas máns, se licencia municipal están traballado, que a empresa ou a Consellería debe presentar o proxecto e pedir licencia.

Finalmente dicir que os baños do sotano onde estamos ubicados os grupos da oposición, hai que avisar a un fontanero para amañar eso que levan dos meses estropeados.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que a primeira queixa e a súa vez un rogo, é en relación as bandas reductoras, entendo que hai que tratar de regularizar, evitar algúns desmáns, o tratar de impedir que unhas persoas fagan o cafre, non vamos a pagar todos con eso, as bandas reductoras é un mecanismo para tratar de reducir pero neste non é que reduza senón que golpea o coche coa consecuencia que afecta á dirección e o conseguinte desgaste das rodas, nesta ubicación das bandas se apostou dos tres modelos ou catro que existen no mercado se optou polo máis agresivo, os hai de 3 cms, de 5 cms. e de 7 cms., e se foi ó de 7 centímetros, na lexislación Española eso non ven regulado, fala algo o Real Decreto 1428 de 2003, alude por encima, e quero creer que eso ten autorización de Carreteras, entende que hai que regular pero hai outros medios, as mesetas, hai os semáforos, as mesmas bandas reductoras pero menos agresivas. Cando se puxeron no Mazote eran moito menos agresivas que estas e os veciños estaban escandalizados porque polo noite daba uns golpes terribles. Esas bandas teñen que dar unhas vibracións nos edificios tremendas. Rogaría que se tratara de substituír esas por unhas menos agresivas.

Outras das preguntas van no senso das casetas de socorrismo que se implantaron nas praias que non teñen e non se utilizaron; outra pregunta era los servizos da praias de Seselle e non se usaron, cal foi o motivo para non dar este servizo,

Logo outro tema que ó mellor non se me pode constestar hoxe, e é cómo está a día de hoxe o tema do Parque Eólico Singular de Ares.

E outra pregunta que saíu no debate do Pleno de hoxe é o do tema da rúa San Andrés, Consistorio, se meteu presión na tubería Aquagest, e ahí debe haber unha garantía e me imaxino que a empresa ten que responder a esto, e se ten que romper outra vez a rúa é o seu problema pero non pode quedar así a rúa porque hai edificios que queren habitarse e non se poden dar de alta porque aquagest dí que non pode dar presión, algo se me contestou a esto no debate do Pleno, pero non o deixedes de man.



Logo o tema do proxecto da Urbanización do Mazote, sabedes que se encargou un proxecto, estaba encargado da corporación anterior, se modificou a anchura das beirarrúas que ían a 2 metros e o goberno novo aposta por unhas beirarrúas de 4 metros, pero máis que discutir si debe levar a beirarrúa de 4 ou 2 metros, había que tratar de executar iso, estamos en tempo, algunhas das edificacións non van poder ser executadas ni finalizadas, por tanto creo que antes de que se escapen máis promotores na Avda Mazote, a filosofía deste proxecto era xuntar a todos os promotores, esta modificación, que non se fala deste, se esta modificación se houbera levado a comisión, este portavoz promovería o tratar de incluír a aportación suficiente para acometer esta obra porque é unha vía fundamental para Ares.

E logo o tema da inauguración das escaleiras de estacas, que por certo eu me enterei pola prensa e sei que se vai inaugurar o tema destas escaleiras, claro o fondo do tema non era en sí, xa que aquí se fixeron máis accesos en canto a competencia por parte de Costas e non houbo tales inauguracións, pero había unhas connotacións políticas tras a inauguración das escaleiras de Estacas que era a conmemoración ou aniversario, non sei se coincidía, porque creo que foi antes do verán o fatal acontecemento aquel da morte do amigo Moncho, entón eu que vivín se nón directamente aquilo, o vivín de perto porque tamén estaba metido no alío, pois como xa se dixo aquí, se lle ía adicar, non é conmemorar cun monolioto alío, creo que esta persoa se merecía moísimo máis do que se fixo, estaba previsto poñerlle a rúa de San Andrés e a Praza enfrente ao Colexio Aresano, eso estaba previsto poñerlle o nome de Moncho, que foi unha persoa que o merecía e cando de aquela se facían as obras públicas tiñan que ser a base de aportación e sacrificio dos veciños como é este caso. Simplemente regañaros un pouco porque creo que eu, non sei os demais, parece que outros non, eu non fun avisado e invitado, eu iría de bon gusto e si se falara nunha comisión, eu avalaría a proposta de que se lle puxera unha rúa a esta persoa e evitaríamos ter que regañar no Pleno, que non fomos invitados a este tipo de acto, especialmente, tiña fincapé neste acto, e tiñamos interese porque ademais era unha persoa de distinguir en Ares, porque o pagou coa vida del.

No sucesivo, que non volte a ocorrer e se hai que levar isto a unha comisión informativa cando non hai maioría e ademais vades arropados polos grupos municipais a un acto destas características que incluso que vades mellor. Non é o mesmo ir 4 persoas que os grupos e representantes dos veciños, a miña queixa que conste en Acta e no sucesivo tratar de evistar porque na medida do posible, se me pasan as invitacións estou indo, a no ser que teña un compromiso, se me invitou á visita da Conselleira, estiven alío, pero se me invitan vou, como outras moitas veces alío me gustaría ir. Non me extendo máis, e cedo a palabra a outro voceiro se quere intervir máis en rogos e preguntas.”

Intervén o Concelleiro, D. Francisco García Prego: “Luís eu agora non te podoo respostar a isto, pero se queres o respostoo por escrito”.

Intervén o Concelleiro, D. Luís Cendán: “No vindeiro Pleno me da igual”



Intervén o Concelleiro, Sr Rodríguez Doval: “Algúns son rogos moi breves, e as preguntas xa digo eu que me vale por escrito que me resposte o Alcalde porque teño moito interés.

Eu non acabo de entender aquí, por qué criterio, cando ven a Conselleira de Pesca se nos convida e porque cando ven o Conselleiro de Medio Ambinete non se convida, cando ven o de Presidencia, non se nos convida e sigo sen entender o rigor e mecanismo que hai.

E logo unha chamada de atención, creo que hai que ter moito coidado onde remata a liña de querer converter todo en noticia, hai sentimentos e cada un ten os seus.

Hai que ter moito coidado coa liña que marca a propaganda con outro tipo de cousas. Hai cousas que hai que xestionar con moita máis humildade, capacidade e pluralidade. No podemos converter todo en noticia para saír sempre a mesma persoa.

En 2º lugar, pido por favor que se de un ultimatum á empresa que ten que facer ás obras de saneamento en San Andrés, Benito Viceto, San Antonio e San Simón, se é que non se fixo, xa o dixen o outro día en Comisión e si Aquagest non ten persoal pois que se busque a vida, teñen a obra contratada, levamos dous meses co contrato asinado e o período de execución sería de dous meses, e tiña que estar a obra feita, e que se lles de un ultimátum e que si non teñen xente, que contraten que hai moita xente no paro.

Outro tema é que se solvente o tema que temos coa web do Concello, xa llo pasei por escrito ao Alcalde, e que segue pasando, e xa non é un tema técnico nen político, senón o tema das notas de prensa que aparecen, hai un apartado das notas de prensa onde teóricamente aparecen as notas de Ares na prensa, e sorprendentemente as dúas últimas notas de prensa que mandou a nosa organización, recollidas algunha delas por todos o medios e outra por un medio só, pois non figuraban.

Sorprendentemente as dúas referíanse ao tema dos problemas co colexio Conde de Fenosa, entón, eu non sei quen mantén esa páxina pero é evidente que a persoa que cobra por ela e igual que quita a noticia de que os remeiros de Ares van a tal sitio ou de que o Alcalde se traslada ou de que inauguramos unhas escaleiras, que tamén sae pois que tamén salga a noticia que ocupa media páxina como exemplo, como esta que traio aquí, que non sei por qué non se publicou, a pesar de que lle pedín ao Alcalde que a buscara e a puxera, pois nada, será coincidencia.

E por outra parte, era unha petición e rogaría que mo respostara por escrito, porque teño unha preocupación dende fai anos, case convertida en obsesión e que por fín eureka, apareceu un camión do lixo que era propiedade do Concello e xa nun papel pon que o día 4 de agosto se inicia o expediente para dar de baixa o vehículo municipal marca 3373AV que é propiedade do Concello que estivo xestionando e usando Celta Prix e temos interés en saber cómo xestionou esto Celta Prix, e se o empregou Celta Prix para facer a recollida noutros Concellos, supoño que cobrará a eses Concellos polo servizo e a mín esto de que unha empresa faga cartos, é lícito cos seus medios, e non me



parece lícito que o faga cun ben de propiedade municipal e iso si que quero que se me resposte por escrito, cáles foron as incidencias deste camián, onde estivo, cómo apareceu, ó mellor houbo un milagro, e si se pode decir algo, sería interesante para que coidemos o noso patrimonio, porque a un servidor lle costou moitísimo, naquel intre, que tiñamos problemas co servizo de recollida do Lixo, cando eu era Alcalde, senón que ademáis que a Consellería naquel momento, hai que decilo, que non era do BNG nin do PSOE, era do PP, e un Conselleiro que era o Sr Cuiña, e fomos dos primeiros Concellos en ter un servizo de Recollida do Lixo, eu me preocupei sempre de mantelo ben e me toca as narices que Celta Prix faga o seu agosto noutro Concello e nós temos agora que dalo de baixa, non sei a historia pero haberá datos de cómo foi e falaremos desto no vindeiro Pleno.”

Toma a palabra a Concelleira Dna Ana Fernandez Coira: “Bos días, eu podo aclarar dous temas que plantexou o Sr. Luís Cendán, en concreto co tema das casetas que puxemos nas praias do Raso e Chanteiro, quero decir que na de Chanteiro sí tivo dous vixiantes prestando o servizo e logo tivemos catro vixiantes por medio dos Plans de Cooperación e tiñamos pensado contratar catro máis para cubrir tódalas praias este verán e como a convocatoria saíu tarde, non pudimos cubrir oito vixiantes e contamos con seis, dous en Chanteiro, dous en Ares e outros dous para turnarse, polos descansos; nos farían falla dous máis a maiores para cubrir a caseta da outra praia e foi imposible atopar en toda a comarca a dous vixiantes para poder contratar e non se puido dar o servizo pero sí decir que os vixiantes da praia de Ares se achegaban na zodiac para controlar a outra praia.

O outro tema, ó das escaleiras de Estacas, a verdade que era un tema un pouco complicado, era voltar a recordar unha situación moi dolorosa e non queríamos en ningún momento fundir o dedo na iaga nin facer nada que puidera á xente que foi afectada, por esta desgracia, que lle puidera doer ou voltar a recordar todo esto. Quixemos facer un acto moi sinxelo, si que se falou aquí, de que ao parecer noutras Corporacións tiveron idea pero ata que chegou o PSOE non houbo recoñecemento público desto, as ideas poden ser moi boas, estupendas, pero se non se levan á práctica quedán aquí e se poden decir moitas cousas pero os actos son os que valen.

Non se pasou invitación aos grupos, sí é certo, porque sí se puxeron uns Bandos, me extraña que o Sr. Luís Cendán non vira o Bando no seu bar, e pensamos que era decisión de cada un, si quería asistir ou non a este acto, o deixamos á elección das persoas e é certo que se lles pasou invitación aos que nese momento sufriron ese accidente e ían nese barco, por certo un non puido ir, porque non se atopaba forte para recordar todo o que acontecera e non puido asistir, pero que pensamos que era cuestión particular e persoal o decidir se as peraos querían ir ou non, era un acto emotivo e pensamos que cada un, por iso se puxeron os Bandos, si aceptaba ou non a invitación que foi a nivel popular total.”

Intervén o Concelleiro, D. Luís Cendán:” Simplemente decir que non me respostou ao que preguntaba, lamentar a resposta dada, porque de verdade me decepcionou bastante, nos merecemos como grupo decir argumentar de que si



colocasteis un Bando, eu a día de hoxe penso que hai outros canales para pasar unha invitación, en canto á conmemoración da familia, dicir, que se non se quere meter o dedo na iaga, como acabas de argumentar, pois non facer ningún acto, nin placa, nin organiceis nada. Os voceiros temos o deber como representantes de facer este Acto, e teríalo que ter levado a Comisión Informativa aínda que eu non estiven na comisión de Cultura, e pola praza, dicir que un dos motivos de que se fixera esa inversión na praza da igrexa, eu non recordo se o teu grupo votou en contra ou non á inversión na praza da Igrexa, isto xa ven da Corporación anterior, un dos motivos era poñerlle o nome de Moncho, seguramente votaría que non ou se abstivo (sería un POS), creo que non merecía esta contestación pola túa parte, porque hai canales e fórmulas en caso de organizar calquer evento e ademais temos dereito a participar en tódolos asuntos onde esté representado o Alcalde, eu non son adiviño, non sei quen foi a poñer un bando ou non o alguacil, simplemente unha chamada de teléfono, ou dicir temos esta idea, que cada un participe como quera, e ti crees que creerme a mín si te digo que me enterei pola prensa independentemente de que me gustara máis ou menos, lamentar a contestación que me diches, nada máis.”

Intervén a Concelleira Dña Ana Fernandez Coira: “Responderte que me parece moi ben o que opines e obramos como tiñamos que obrar, é certo que antes de facer nada se lle preguntou á familia máis afectada e por iso se fixo e se a familia dixera non, non se faría nada, e o que dís ti, se te valen as miñas explicacións me parece ben e se non tamén, porque é un fio, o que é a transcendencia e o que no seu momento dolíu a nivel do pobo e o que non te houberas enterado te dolíu por non estar alí representando ao teu partido, esa decisión a tomamos me parece moi ben o que ti dís pero non digas eso, e referente a outros anos, do que votaron, eu evidentemente non te podo dicir, e non te podo dicir de algo do que fai 10 anos, non sei o que se facía no partido eu te podo respostar a partir da miña incorporación, pode ser verdade o que dís ou mentira, habería que miralo.”

Intervén o Concelleiro, D. Luís Cendán:”a obra se executou o mes pasado e a executásteis vos, este equipo de goberno”

Intervén a Concelleira Dña Ana Fernandez Coira: “Pensei que decías da praza do vello Concello, de todas formas, quero dicir que bueno, as palabras son moi boas pero me fío dos actos, nada máis”

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e vinte minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,